

ACTA NUMERO QUINCE CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2000.

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as once horas e cinco minutos do día vinteoito de outubro de dous mil reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D. Raimundo González Carballo**, **D. Xosé Luis Bará Torres**, **D^a María Salomé Álvarez Blanco**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D^a María dos Anxos Riveiro Portela**, **D^a María Carmen da Silva Méndez**, **D. Xosé Luis Veiga Lage**, **D. Manuel Xesús Fontán Bouzas**, **D. Juan Luis Pedrosa Fernández**, **D^a María Josefa Manzanares Perala**, **D. Francisco Arturo Pichel Márquez**, **D. Gerardo Zugasti Enrique**, **D. Enrique de la Peña Vieitez**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. Juan Enrique Magdalena Chan**, **D. Celestino Lores Rosal**, **D^a Sonia Rey Barros**, **D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla**, **D^a María Teresa Casal García**, **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, **D. Guillermo Antonio Meijón Couselo** y **D^a María Dolores Elvira de Ozámiz Lestón**, non asistindo **D. Manuel Abelado López**, estando presente a Sra. Viceinterventora, **D^a María Herculina Domínguez Martín**, actuando como Secretario **D. Julio Dapena Outomuro**, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión.

ORDE DO DÍA

1.- ACTAS ANTERIORES: APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO DÍA 29 DE XULLO E 31 DE AGOSTO DE 2000.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións plenarias ordinarias do día 29 de xullo e 31 de agosto de 2000, que se aproban por unanimidade e sen modificación ningunha.

2.- CENTRO HISTÓRICO: ASIGNACIÓN DE DENOMINACIÓN Ó CONXUNTO HISTÓRICO DECLARADO BEN DE INTERESE CULTURAL.

Intervén don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, indicando que se trata dun tema xa coñecido e comentado na Comisión de Urbanismo hai meses. Na situación actual a comunicación debe ter cada vez uns eidos máis definidos porque senón a complexidade do mundo da información fai que a que non está ben definida queda enterrada. O centro histórico de Pontevedra ten nestes momentos moitísimas denominacións e é bo ir avanzando nunha definición dun nome e pareceu máis oportuno o de Centro Histórico e agora só queda facer un esforzo para que este nome se vaia usando en tódolos ámbitos dunha maneira normal e que quede ó final como a denominación oficial de utili-

zación e neste sentido só cabe solicitar a pequena colaboración por parte do goberno municipal á hora de realizar letreiros, etc., e dos medios de comunicación que ó fin e ó cabo son os que van transmitir á cidadanía ese nome e ir pouco a pouco facendo o esforzo de utilizalo en exclusiva para poder defini-lo e acabar coa multiplicidade e coa indefinición de nomes que neste momento existe.

Vista a proposta do Sr. Presidente da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, manifestando que o Conxunto Histórico-Artístico é comunmente denominado con diversas acepcións como a propia de conxunto, casco vello, casco histórico, zona ou cidade vella, zona monumental, etc., e que resulta conveniente unifica-la denominación, considerando tamén que actualmente os conxuntos histórico-artísticos son coñecidos como "centros históricos" e examinada a proposta unánime da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda denominar "Centro Histórico de Pontevedra" ó Barrio Antigo, declarado Conxunto Histórico-Artístico.

3.- URBANISMO: DETERMINACIÓN DE ALIÑACIÓNS NOS NÚCLEOS RURAIS DELIMITADOS NO VIXENTE PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA: INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A MODIFICACIÓN DAS ALIÑACIÓNS NO SOLO URBANO DOS NÚCLEOS RURAIS ATRAVESADOS POR ESTRADAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS TERRITORIAIS.

Visto o informe emitido polo Arquitecto Xefe da Oficina Técnica de Planeamento e Xestión Urbanística, do teor literal seguinte:

Las carreteras de la red del estado, autonómica y provincial que atraviesan el municipio, definen las líneas de edificación en su frente con su normativa propia.

La Ley 25/1988, de 29 de julio, de carreteras en sus artículos 36, 37 y 38 y el RD 1812/1994, de 2 de septiembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Carreteras en el artículo 85, regulan las disposiciones que regirán en los tramos de carreteras de una red arterial de una población o grupo de poblaciones y los casos especiales en las carreteras estatales que discurran total o parcialmente por zonas urbanas.

La Ley 4/1994, de 14 de septiembre, de estradas de Galicia, 3 en el que determina que no se consideran carreteras, ni se incluirán por tanto, en las redes de la Comunidad Autónoma, de las provincias o de los Ayuntamientos, entre otras, en el apartado a)

"As vías que compoñen a rede urbana de comunicacións municipais."

Es competencia del Consello de la Xunta, entre otros, según el artículo 6.d) de la mencionada Ley:

"Aproba-la incorporación do estradas ou de tramos delas doutras redes á rede de titularidade autonómica ou viceversa, logo de acordo entre as administracións afectadas."

O sea, desafectar las carreteras o tramos que incluidos en la red autonómica o local hayan pasado a la red urbana de co-

municaciones municipales.

Por otro lado la Ley 1/1997, de 24 marzo, del Suelo de Galicia determina en el artículo 76.2 y 3, del Régimen del Suelo en los Núcleos Rurales:

"2.- No podrá autorizarse ninguna clase de edificaciones si no estuviese resuelta la disponibilidad, al menos, de los servicios de acceso rodado, saneamiento, abastecimiento de agua y energía eléctrica. Cuando el uso a que se destine la edificación o el terreno lo requiera, se exigirá la dotación de aparcamiento suficiente.

3.- Cuando se pretenda construir nuevas edificaciones, o sustituir las existentes, los propietarios deberán ceder gratuitamente al Ayuntamiento los terrenos necesarios para la apertura o regularización del viario preciso y ejecutar, a su costa, la conexión con los servicios existentes en el núcleo. A estos efectos, cuando sea necesario proceder a la apertura de vías de acceso en áreas no consolidadas por la edificación, éstas habrán de tener un ancho mínimo de 8 metros."

Pero esta misma Ley en su artículo 64.1 determina que "Constituirán el suelo urbano: a) Los terrenos que el plan general o el proyecto de ordenación del medio rural incluyan en esta clase por contar con acceso rodado, abastecimiento de agua, evacuación de aguas y suministro de energía eléctrica, debiendo tener estos servicios características adecuadas para servir a la edificación que sobre ellos exista o vaya a construirse. También se considerarán urbanos los terrenos que tengan su ordenación consolidada por ocupar la edificación al menos dos terceras partes de los espacios aptos para la misma, según la ordenación que el plan general o el proyecto de ordenación del medio rural establezcan."

Los servicios mínimos exigibles en los núcleos rurales y en el suelo urbano son los mismos: acceso rodado, abastecimiento de agua, evacuación de aguas y suministro de energía eléctrica.

Otros son los aspectos que diferencian estas clases de suelo pero no los meramente urbanísticos.

Siendo consecuente con ello y poniendo en concordancia las legislaciones, de carreteras y urbanística, en lo incidente sobre el sistema viario en los núcleos rurales, se considera que el tratamiento del sistema viario que atraviesa un núcleo rural delimitado de acuerdo con la Ley del Suelo de Galicia debe de ser de travesía urbana como vía que pertenece a la red urbana de comunicaciones municipales y que, por lo tanto, las alineaciones de las edificaciones de las fincas incluidas en sus ámbitos deberían ser las determinadas en el PGOU.

Para ello, además de lo expuesto, hay que tener en cuenta que cuando se aprobaron las distintas legislaciones que regulan a las carreteras, aun no existía la Ley del Suelo de Galicia y por lo tanto el Suelo de Núcleo Rural como clase de suelo específica, por lo que no se podía hacer referencia a él. No obstante, la intención está clara cuando en la Ley de Ca-

rreteras del Estado se menciona: "...que existan edificaciones consolidadas al menos en las dos terceras partes de su longitud..." (Art. 37.2) al igual que en la de Galicia como ya se indicó anteriormente, con lo que se comprende que siempre ha existido el criterio de la aplicación de estos conceptos a otras consideraciones mucho más amplias que al exclusivo suelo urbano aprobado y delimitado como tal en el planeamiento.

Lo cual se eleva al órgano municipal correspondiente para que, si lo estiman de consideración, se tramite ante las administraciones pertinentes.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo ó informe redactado polo Sr. Arquitecto Xefe da Oficina Técnica municipal de Planeamento e Xestión Urbanística, propoñendo ó Pleno da Corporación a súa aceptación perante a Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, engadindo nembargantes unha emenda ó texto elaborado, no senso de que despois do PXOU figure "agás posibles excepcións a considerar entre as Administracións públicas implicadas".

Aberto o debate intervén don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifestando que tamén se trata dun tema coñecido que ven xa dende a aprobación do PXOU que daquela quedara pendente porque non había cobertura legal e nestes momentos haina que é a Lei do solo de Galicia do ano 1997 e preténdese que onde hai aliñacións consolidadas por bastantes edificacións, o que se chaman núcleos rurais, pois se reconsideren as distancias ó eixe ou aresta das estradas doutras administracións, ben sexan da Administración central, autonómica ou provincial; con respecto a isto facer unhas precisións, a primeira é que ninguén se cre a expectativa de que vai aumenta-la edificabilidade nesas zonas porque non vai ser certo, simplemente se cambiará a aliñación cando sexa; a segunda precisión é que se trata dun procedemento que vai levar bastante tempo e o que se trata hoxe é única e exclusivamente de inicia-los trámites e negociacións coas outras administracións caso de que acepten, porque ata agora foron absolutamente impermeables, pero coa a Lei do solo de Galicia, que equipara en certo modo núcleos rurais e solo urbano, ábrese esa posibilidade de renegocialo; e a terceira puntualización é que ninguén se cre a expectativa de que esta Administración ou este Pleno está tomando unha resolución para defender certas infraccións que, independentemente de que se poida compartir a súa severidade ou non, pois a infracción é infracción e polo tanto lonxe do ánimo desta Corporación está dar medidas para defender ou salvagardar ós infractores e cre que a emenda precisa máis o sentido do que se acorda hoxe na dirección de que aínda que haxa aliñacións consolidadas pode ser un procedemento longo en canto a tramitación, ó final se dá que incluso que (as aliñacións) se é previsible e razoable facer unha ampliación dunha estrada e algunha das edificacións puidera estar afectada pois deixala

fóra pero iso é deixa-la porta aberta para esa negociación que terá que haber con outras Administracións.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda declarar iniciado o procedemento para a modificación das aliñacións no solo urbano dos núcleos rurais atravesados por estradas doutras Administracións públicas territoriais (estatais, autonómicas e provinciais), remitindo ás mesmas testemuño deste acordo ó obxecto de que emitan informe sobre a documentación técnica a cumprimentar polo Concello con tal finalidade.

Auséntanse da sesión don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo e dona María Dolores de Ozámiz Lestón.

4.- ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO: PRONUNCIAMENTO DA CORPORACIÓN INTERESANDO DOTACIÓNS ECONÓMICAS PARA INVERSIÓNS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA E COMARCA.

Dáse conta do pronunciamento da Corporación interesando dotacións económicas para inversións no Concello de Pontevedra e comarca, do teor literal seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os orzamentos xerais do estado para o ano 2001 son claramente insuficientes para abordar a solución das principais necesidades de Galicia, na medida en que non contribúen a paliar carencias históricas do noso país en materia de infraestructuras viarias e ferroviarias, nin aportan recursos imprescindibles para a dinamización de sectores productivos básicos da economía galega.

Galicia só recibe un 3,32% do conxunto dos investimentos reais realizado polo Estado, cando a poboación do noso país representa o 6,84 do total estatal e un alto grao de dispersión e a superficie representa preto do 6%, esto implica que a inversión media por habitante en Galicia non alcance nin a metade da media estatal, 33.566 pts de inversión media por habitante en Galicia fronte a unha media por habitante de 69.182 pts no Estado).

Esta falta de investimentos e tanto mais preocupante porque atenta contra o principio de solidariedade que esixe un maior esforzo inversor nas áreas económicas menos desenvolvidas e con menor nivel de benestar, como é o caso de Galicia que ten unha renda por habitante que é só dun 85% da media do Estado. Encontrámonos así co paradoxo de que en base o criterio de solidariedade entre os países mais desenvolvidos e os menos desenvolvidos, o Estado demanda da Unión Europea fondos para inversións é non aplica este mesmo criterio dentro do propio Estado.

Os orzamentos xerais do Estado tampouco recollen as inversións que necesitan Pontevedra e a súa comarca, inversións que son unha demanda unánime de todos os colectivos económicos e sociais e que son fundamentais para o desenvolvemento económico do noso Concello.

Nos orzamentos xerais do Estado non se recollen partidas orzamentarias suficientes para a circunvalación leste de Pontevedra, para a conexión de Pontevedra e a comarca coas auto-vías, para a supresión da peaxe de Rande e a rebaixa da tarifa do tramo Pontevedra-Vigo, para a modernización e potenciación do ferrocarril e a conexión a alta velocidade, para o saneamento da ría e ríos e para equipamentos de carácter deportivo, cultural e administrativo, no que a estas necesidades se refire só existe unha pequena partida de 50 millóns de pts para a circunvalación leste que é claramente insuficiente. É dicir, ningunha das grandes demandas cidadáns de Pontevedra obteñen resposta no proxecto de orzamentos xerais do Estado.

O Concello de Pontevedra, na obriga de defender os intereses dos e das cidadáns de Pontevedra, e recollendo o sentir unánime expresado desde diversas instancias políticas, sindicais e sociais, non pode manterse ó marxe desta demanda de maiores investimentos por parte do Estado.

Polo anteriormente exposto o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Instar ó Goberno do Estado á modificación do Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2001, recollendo partidas económicas que permitan abordar proxectos fundamentais para o futuro de Pontevedra, como a conexión coa autovía A-52, a circunvalación leste, o saneamento e recuperación da ría, a mellora da rede interna do ferrocarril e a dotación de equipamentos de carácter deportivo, cultural e administrativo.

Aberto o debate intervén o Sr. Alcalde manifestando que unha vez coñecidos os orzamentos do Estado para o ano 2001 as cantidades que están reflectidas para o Concello de Pontevedra se poden considerar absolutamente irrisorias ou insuficientes, dun montante de 698 millóns de pesetas, e o mesmo ocorre, en xeral, a toda Galicia porque a cantidade total recollida nos orzamentos do Estado para Galicia é da orde do 3,32% do conxunto do Estado cando a poboación de Galicia representa o 6,84%, as pesetas por habitante recollidas nestes orzamentos son 33.566, é unha cifra que representa un 50% das 69.182 da media de tódalas comunidades do Estado, polo tanto iso vai dalgunha maneira a incrementar ou a mante-las diferencias ó respecto da situación de discriminación que Galicia ten respecto a outras comunidades autónomas e respecto ó produto interior bruto (PIB) que está por debaixo da media do Estado. Destacaría nestes orzamentos a practicamente inexistencia de partidas para a mellora dos aeroportos galegos que significan o 0,8% do investimento estatal en aeroportos ou o 8,2% para portos de competencia estatal, cando os portos de competencia estatal de Galicia representan cerca do 25% dos portos do Estado. Concretamente e respecto a Pontevedra estes 698 millóns recollidos nos orzamentos do Estado están por debaixo das 10.000 pesetas por habitante e as partidas que se recollen son 575 millóns para dar cumprimento a un convenio firmado polo Concello e o Ministerio de Fomento, que debería estar xa exe-

cutado neste ano, unha partida de 100 millóns para un arquivo provincial, unha partida de 25 millóns para o desdoblamento da avenida de Vigo, unha partida de 50 millóns para accesos a Pontevedra que entende que se debe referir ó proxecto de circunvalación que en todo caso non é suficiente e non se recolle ningunha partida específica para mellora da rede interna de ferrocarril na nosa comarca nin na nosa cidade, nin respecto da ampliación do museo a pesar de que hai un protocolo firmado entre a Deputación, a Consellería de Cultura e o Ministerio de Cultura, non se recolle ningunha partida para o necesario novo cuartel da Garda Civil e tampouco para a Delegación de Facenda, reiteradamente prometida pola Administración central, nin para as instalacións deportivas necesarias, a pesar de que se levan reivindicando sucesivamente nos últimos anos, polo tanto ante esta situación obviamente esta Alcaldía pide o pronunciamento claro da Corporación igual que o ten feito o Consello Económico e Social (CES) onde se deu a coñecer esta situación e se pronunciou solicitando partidas necesarias.

Seguidamente intervén, en representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, don Roberto Jesús Taboada Rivadulla, para reafirmar que su grupo va a apoiar sin duda, como ya ha manifestado públicamente y como deseaba que fuera transmitido en la Junta de Portavoces correspondiente, este pronunciamiento de la Corporación interesándose por dotaciones económicas para el Ayuntamiento de Pontevedra en los presupuestos generales del Estado; una vez más tenemos un pronunciamiento de esta Corporación, no es el primero, por lo menos en este mandato ya van dos, ya se hizo en el anterior presupuesto del año 2000 también un pronunciamiento de este tipo, cree que es evidente y no va a extenderse en los argumentos que ya ha expuesto el Alcalde que justifican claramente este pronunciamiento y por lo tanto decir que desde la contundencia no solo de los dos Diputados que por la provincia de Pontevedra tiene el Partido Socialista, ni siquiera de los seis Diputados del Partido Socialista en Galicia sino de los ciento y pico de Diputados que tiene el Partido Socialista en Madrid, va a hacer valer todo su peso para que Pontevedra esté defendida con el aval que tiene de todos los representantes del grupo parlamentario socialista y todos sus diputados, va a defender estas enmiendas que se plantean aquí con toda contundencia.

A continuación interviene, como portavoz del grupo municipal del Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández, indicando que este pronunciamiento que trae hoy al Pleno parece más en estos momentos un panfleto electoralista y tome lo de panfleto con sentido del humor no como tratando de herir; se trata de un escrito que puede ser prácticamente igual al que haya presentado su partido año tras año en los últimos años, prácticamente lo han hecho siempre y más o menos coincidiendo con este momento, pero a la vista de este escrito el Partido Popular no puede por menos que hacer toda una serie de pregun-

tas al Sr. Alcalde: ¿qué gestiones hizo, hasta el día de hoy, ante el gobierno central?, ¿qué proyectos presentó al gobierno central hasta el día de hoy?, ¿con que Ministerio, con que Ministro, con que Direcciones Generales mantuvo el Alcalde conversaciones para exponer todos esos proyectos? o ¿qué prioridades estableció con esa cantidad de obras que todos esperan que haga la Administración central?, resumiría todas estas preguntas en una sola, ¿qué ha hecho hasta el día de hoy como Alcalde de esta ciudad para lograr transmitir las necesidades de Pontevedra a las distintas Administraciones y convencerlas de la necesidad de esas inversiones?, casi se atrevería a contestar a esa pregunta aquí mismo y la contestación es nada o muy poco. Es muy fácil traer a un pleno como este de hoy una declaración de protesta y puede quedar muy bonita ante la ciudadanía de Pontevedra o como titular de prensa pero al final Sr. Alcalde no sirve para nada, sabe que no va a conseguir ni una peseta más por muchos escritos de este estilo que se aprueben en este Pleno y que mande a las distintas Administraciones y muchísimo más difícil es priorizar cuales son las necesidades, obviamente no van a cumplir todas las necesidades que son muchas, es difícil redactar proyectos, es difícil gestionarlos con las otras administraciones, eso lleva mucho tiempo, muchísimas horas de trabajo, muchas horas deambulando por los despachos de las Direcciones Generales no sólo de la Xunta o de Madrid, de los dos sitios, eso es un apartado al que un Alcalde le tiene que dedicar una parte muy importante de su tiempo, el propio Alcalde evidentemente, aunque luego tengan que funcionar todos los demás servicios del Ayuntamiento; decirle también aquí, Sr. Lores, que nadie regala nada, que nadie da duros a cuatro pesetas y es aquí donde el grupo popular cree que demuestra su incompetencia y, no se lo tome a mal, porque está seguro de que tiene tantas ganas como cualquiera de los demás pontevedreses de que esas inversiones vengán para Pontevedra; piensa que aquí está pagando su inexperiencia por un lado y por otro su tozudez de no querer pedir ayuda a los demás partidos políticos y le diría que no es este el momento de instar al gobierno del Estado cuando ya se están discutiendo los presupuestos y eso tenía que haberlo hecho hace muchos meses y el grupo popular les hubiera ayudado con muchísimo gusto, si se hubiese dejado aconsejar, Sr. Alcalde, probablemente no habría renunciado a cosas como esa circunvalación que estaba contemplada en el convenio que ha firmado siendo Alcalde con el Ministerio de Fomento, convenio que costó Dios y ayuda llegar a firmarlo, que no fue nada fácil, y está ahí firmado, cambió esa circunvalación que evidentemente no era la mejor y la correcta y había que modificar su tramo final por Lérez, era imposible aceptarla y de hecho así se retrasó por todos los grupos, pero nunca debió dejar que esa circunvalación se paralizase, era una inversión de más de 3.000 millones de pesetas que había que modificar no que paralizar, y tiene la sensación de que su inexperiencia le llevó a

cambiar la circunvalación por un estudio, que son esos 50 millones de pesetas que dice que aparecen en los presupuestos generales del Estado; pues bien una actuación así ante el gobierno central supone retrasar esa inversión y esa obra del orden de 4, 5 o más años, ahora se hará ese estudio que durará año y pico de ahí salen unas conclusiones, entonces se decide cual es la nueva variante, esa nueva variante tiene un estudio de impacto ambiental que vuelve a estar otro año dando vueltas, por lo tanto decirle que antes de 3, 4 o 5 años no se va a ver esa inversión que a lo mejor al día de hoy estaría empezándose; también se pierden inversiones estatales o de la Xunta al no actuar con rapidez por parte del Ayuntamiento en cosas cruciales, cosas como por ejemplo esa modificación del plan general del Campus para los terrenos del archivo estatal, pues se lleva casi un año para aprobar eso y está seguro que aún habiéndose aprobado en Comisión no se mandó a la Xunta y puede hacer perder otra inversión de mil millones de pesetas como puede ser ese archivo, o actuaciones como pueden ser los terrenos de Campolongo que al día de hoy no esté eso clarificado, pues es posible que haga perder otros mil millones de la Delegación de Hacienda, o actuaciones como las que tuvieron con el famoso centro intermodal de transportes donde existía ya un convenio con RENFE, donde iban a poner más de 450 millones de pesetas que tiraron abajo y a estas alturas podríamos tener ese centro intermodal de transportes, pero en año y medio de gobierno del Bloque no se sabe nada de nada de un futuro centro intermodal de transportes; si se duerme Sr. Alcalde, hay 50 ciudades detrás, por no decir 400, que están ansiosas de inversiones y hay un ciento de direcciones generales que tienen que ejecutar sus presupuestos en el año una vez que los plasman y si se retrasan las cosas o da paso a que se estudien nuevamente, que no es esa la correcta o la adecuada, automáticamente esas direcciones generales perderían el dinero, con lo cual lo que hacen es derivarlo inmediatamente hacia otras ciudades que tengan los deberes hechos o las cosas mejor preparadas. Sr. Lores si quiere conseguir inversiones para Pontevedra no es esta la forma y por este camino se equivoca, haga bien sus deberes, preséntelos en el momento y en el lugar adecuado y no dude en pedir colaboración a esta oposición que está completamente convencida que le ayudará encantada. El Partido Popular va a votar en contra de este pronunciamiento y no porque no quiera más inversiones o porque no esté seguro de que hacen falta muchísimas más inversiones, lo va a hacer porque cree que no es su misión enmascarar la incapacidad del Alcalde para conseguir esas inversiones de otras administraciones, si es su misión ayudarle, pero decirle que no es ésta ni la forma ni el modo y sin embargo con este escrito da la sensación de que lo que pretende es enmascarar esa ineficacia y esa inexperiencia o ese no querer pedir ayuda. A lo mejor si es el Consejo Económico y Social el que tiene que hacer ese pronunciamiento, no parece tampoco lógico que se debata en el CES, que lo haga el

CES, y que luego tenga que volver a debatirse en el Pleno, el CES es un órgano que está creado y que perfectamente puede hacer toda una serie de reivindicaciones y que a lo mejor las hace el CES y no enfadan a nadie en las otras Administraciones y si las hace este Pleno lo que consigue es el efecto contrario, por eso el Partido Popular va a votar en contra de este pronunciamiento.

Contesta o Sr. Alcalde indicando que o ano pasado se aprobou unha moción semellante que contou co voto favorable de tódolos grupos, as reivindicacións practicamente eran as mesmas e o goberno do Estado coñecía perfectamente cales eran as reivindicacións deste Concello que ademais foron motivo de propaganda electoral por parte do Partido Popular e do seu Vicepresidente do Goberno, Sr. Mariano Rajoy, que durante a campaña prometeu moitas cousas, entre outras o tema da supresión da peaxe que non se contempla por lado ningún a pesar de que foi unha promesa electoral clarísima, polo tanto non entende demasiado ese cambio de voto do Partido Popular porque ten que recoñecer o Sr. Pedrosa que Pontevedra sae claramente discriminada nestes orzamentos. Dicirlle ó Sr. Pedrosa que a alternativa "0" aprobada para a circunvalación de Bora a Pontevedra foi rexeitada por unanimidade polo que non entende moito a súa postura e a solicitude diante do Ministerio de Fomento dunha circunvalación, tal e como a que se está a estudar, ten que recordar que foi un acordo entre o Ministerio de Fomento e a Alcaldía despois dunha reunión mantida nese Ministerio, nin os veciños nin esta Corporación aceptaban esa alternativa e se pediu concretamente unha vía de circunvalación que é a que se está a estudar e que o Sr. Mariano Rajoy en sucesivas conversas que mantivo, que está a esperar que lle conceda unha entrevista para analiza-las demandas de Pontevedra que están perfectamente definidas nunha relación de necesidades que xa lle ten enviado, e concretamente en conversas mantidas con el comunicoulle que se ía recoller nos orzamentos do estado unha partida suficiente para a redacción do proxecto desta circunvalación, cousa que non se ve plasmada nos orzamentos e a partida recollida de 50 millóns é claramente insuficiente. As xestións ó respecto dun tema que consideran prioritario como é o saneamento da ría de Pontevedra son coñecidas pola cidadanía, neste momento teñen un proxecto que está única e exclusivamente pendente, con tódolos informes favorables a nivel de Estado, da aprobación pola Unión Europea que agarda que se produza no primeiro trimestre do ano que ven e que garante o saneamento da ría, cousa que o Sr. Pedrosa durante os catro anos que estivo gobernando este Concello non tiña nin sequera presentado e o grupo de goberno actual, no prazo dun ano e pouco máis de tempo, ten un proxecto practicamente aprobado que vai resolve-la cimentación para poder levar adiante o saneamento de todo o Concello, mentres que o Sr. Pedrosa dedicouse a facer investimentos dos que, cando o BNG chegou ó Concello, non se coñecía nin sequera o seu proxecto nin a súa si-

tuación no territorio, que tiveron que facer un estudio de tódolos colectores primarios que o Sr. Pedrosa estivo a facer nas parroquias para poder facer unha valoración do que faltaba e presentalo diante da Xunta de Galicia, ó Sr. Conselleiro Cuiña Crespo que é o responsable de levar adiante ese saneamento, polo tanto este Concello ten perfectamente definidas cales son as necesidades e concretamente ó respecto do saneamento da ría se teñen dado obviamente pasos e negociacións coa Xunta ó respecto do traslado de Tafisa e se ten solicitado, en entrevistas con distintos Deputados, cales son as demandas de carácter deportivo, cultural e administrativo. Falaba o Sr. Pedrosa do tema do arquivo que está recollido, afortunadamente, nunha cantidade nos orzamentos do estado, porque está perfectamente definido onde vai ir e se encontra pendente dunha modificación do PXOU que está perfectamente enfocada, non ocorre así no caso de facenda porque a pesar dos acordos que esta Corporación ou este goberno municipal tivo co Ministerio de Defensa, que dalgunha forma foron obstruídos ou atrasados por plantexamentos do Sr. Pedrosa e neste momento, a pesar dese intento de atraso, están na última fase de acordo entre o Ministerio de Defensa a Xunta e o propio Concello para levar adiante a unidade de actuación 16 que vai posibilita-la construción da Delegación de Facenda, o que pasa é que nos orzamentos do Estado, a pesar de coñecer esta circunstancia, non se recolle partida ningunha e esta é unha das nosas reivindicacións que ademais vai posibilita-la construción dun edificio administrativo da Xunta que si lle consta, en principio, que hai algún tipo de partida nos orzamentos da Xunta que vai a posibilitar executalo nos próximos anos. Respecto á mellora do ferrocarril, que é unha reivindicación básica non só da cidade senón tamén de todo o país galego e do norte de Portugal, que foi curiosamente aprobado pola Xunta de Galicia por unanimidade dos distintos grupos no ano 1985 e non se ten dado un paso ó respecto por parte da Administración Central para levar adiante esa mellora da rede interna e a conexión de Galicia con Portugal e coa meseta a nivel de alta velocidade, outra cousa é a propaganda que o partido popular fai sistematicamente saíndo tanto o Sr. Fraga como o Sr. Cuiña con promesas de que imos ter xa proximamente a alta velocidade para Galicia, que se está a empezar de Madrid a Valladolid e que ademais se vai facer unha actuación dentro do propio país e a ese respecto ten que lle recordar que o que contemplan os Orzamentos do Estado para a liña de alta velocidade durante os próximos catro anos son unha totalidade, ata o ano 2004, de 31.789 millóns de pesetas moi lonxe do prometido polo Sr. Cuiña e o Sr. Fraga e curiosamente no ano 2000 recóllense 45 millóns, no ano 2002 outros 45 millóns, no ano 2003 150 millóns e no ano 2004 750 millóns que son insuficientes para ningún tipo de actuación que mellore as condicións da nosa rede ferroviaria; respecto a conexión coas autovías, que é unha demanda histórica da nosa cidade, non se ten dado paso ningún a ese respecto a

pesar de que por parte da Alcaldía, participando obviamente en tódalas deliberacións que o Eixo Atlántico ten feito a ese respecto, si se recollen, cousa que non estaba recollida ata este ano por parte dese plano de infraestructura do Eixo Atlántico, se recolle a necesidade dunha conexión de Vilagarcía con Pontevedra e de Pontevedra con Porriño para conectar coa A-52. Tódolos anos se está a falar dos mesmos temas porque por parte do goberno do Estado, a pesar de ser un Vicepresidente do Goberno de Pontevedra e a pesar de ter Deputados que se acercan á Alcaldía para ofrecer o seu apoio, logo resulta que ese apoio non se concreta absolutamente en nada, votan en contra de tódalas emendas presentadas por outros deputados desta provincia, concretamente do partido socialista e do bloque nacionalista galego, e esa é a súa actitude e nin sequera teñen a cortesía, como tivo o Alcalde de Pontevedra cando se tratou de recibir ó Sr. Rivas Fontán, de acercarse a unha reunión para discutir estes temas a pesar da súa promesa de colaborar; tamén ten que recordar que o Sr. Rivas dicía que os alcaldes pasan e as cidades quedan pero diso "se te vin non me lembro", polo tanto existen unhas demandas concretas que non son recollidas polos presupostos do Estado e que son obviamente asumidas polo Consello Económico e Social e lle pide ó Sr. Pedrosa que recapacite e vote a favor desta moción; respecto de xestións que o Alcalde está a facer, a nivel da Administración central, da Xunta de Galicia e cun importante calendario de discusións co Sr. Cuiña que se está a atrasar, a pesar de que había unha promesa de chegar a un convenio con este Concello durante o mes de xuño, por motivos que en todo caso ten que explicar o Sr. Cuiña e non esta Alcaldía porque está perfectamente perfilado cales son as necesidades de Pontevedra e incluso está perfectamente valorado, en memorias valoradas, cales son as necesidades e as cifras dese convenio, se está a atrasar e agarda que antes de final de ano se poida concretar e se produza unha mellora de certas cuestións que consideran prioritarias como pode se-lo tema da mellora da rede de estradas que a Consellería ten neste Concello, da mellora dos accesos ó parque empresarial do Campiño, que dado o seu importante crecemento neste último ano, precisa dunha mellora clara dos accesos, ou un tema tan importante como pode se-lo propio saneamento onde neste momento está en poder da Xunta de Galicia un proxecto completo das necesidades do Concello de Pontevedra por valor de 3.900 millóns de pesetas que agardan poder concretar en prazos, e comprenden perfectamente que a Xunta non poda acometer eses 4.000 millóns de pesetas nunha anualidade, nin en dúas, nin en tres, polo tanto están a negociar, neste momento, cales son as cifras, as prioridades e as necesidades para levar adiante ese saneamento e polo tanto este Concello e esta Alcaldía ten perfectamente definido cales son as necesidades e se está a dialogar coas distintas administracións, outra cousa é que por parte da Administración do Estado, que é o que se está a discutir hoxe, a pesar desas diferencias e de-

sa discriminación que Galicia ten con respecto a outras zonas do Estado e da famosa solidariedade que se lle enche a boca cada vez que fala ó Partido Popular ó respecto de Galicia, resulta que non se ve concretada, e con estes orzamentos do Estado dende logo vaise a afondar nesa diferencia de producto interior bruto e de déficit en infraestructura e o que lle pide ó Sr. Pedrosa é que colabore no consenso de toda a Corporación para solicitar eses necesarios investimentos que están perfectamente definidos dende hai moitos anos, e lle pide que recapacite, que vote favorablemente, e que ese guante que ten de a esta Alcaldía, desde logo o recolle, e se pode concretar no futuro para poder conxuntamente defende-los intereses desta cidade e desta comarca.

A continuación intervén o Sr. Pedrosa Fernández sinalando que el Sr. Alcalde hizo un discurso de casi un cuarto de hora pero en el fondo le traiciona el subconsciente, al final después de pasar por la Administración Central termina hablando de la administración de la Xunta y claro viene a demostrar, por eso le dice que le traiciona el subconsciente, que hizo mal sus deberes, probablemente los hizo bien con la Xunta o los está haciendo bien o va por el camino acertado pero no los hizo o los hizo mal respecto al gobierno central y mezcla cantidad de cosas, empieza reconociendo que el escrito o moción, llámese como quiera, es igual al de otros años y por lo tanto le da la razón en eso, dice que el gobierno central conoce las peticiones y está seguro de que no tiene ninguna petición de este Ayuntamiento por escrito y perfectamente fundamentada, el gobierno central no atiende a las peticiones por los periódicos, las atiende por los escritos remitidos al responsable directo de cada Ministerio, dice que tiene pedida una entrevista con el Sr. Rajoy para explicarle esas demandas, le está dando la razón de que no las pidió en su momento ni pidió la entrevista en su momento, que era evidentemente antes de confeccionar los presupuestos del Estado; mezcla una serie de cosas, reconoce que ese acuerdo de suspender o de paralizar la circunvalación que pasaba por Lerez fue un acuerdo Ministerio-Alcaldía, sin encomendarse ni a Dios ni al diablo, unilateralmente mandó paralizarlo, pactó con el responsable del Ministerio de Fomento en La Coruña que tipo de estudio quería hacer, pero lo cierto es que esa obra importantísima de más de 3.000 millones de pesetas ha quedado paralizada y por desgracia para varios años, se teme que más de 4 o 5, luego mezcla el saneamiento y la Unión Europea, son los únicos proyectos que si presentaron en Madrid y son los únicos porque tenían fecha de caducidad y además se presentaron tarde, mal y arrastras, pero por lo menos esos si que están presentados, no le quepa la menor duda de que vendrán aprobados y que vendrán con subvenciones de la Unión Europea, tenga la completa seguridad de que eso será así; luego hace alusiones a lo que se dedicó en los cuatro años anteriores cuando era Alcalde y firma ahora mismo porque en los cuatro años de su mandato consiga las mismas in-

versiones que él consiguió y que el patrimonio municipal suba en las mismas cantidades que subió los cuatro años anteriores, firmaba ahora mismo porque consiga eso simplemente y cuando quiera se compara año por año las inversiones que vinieron para Pontevedra, no tiene absolutamente ningún inconveniente, con luz y taquígrafos, en hacer esas cuentas; mezcla después el tema del ferrocarril y aparece menos dinero en presupuesto de lo deseable, hasta el propio Presidente de la Xunta lo ha dicho y no están descubriendo absolutamente nada nuevo, evidentemente es algo muy importante para Galicia y es algo que se echa a andar y que espera verlo lo antes posible. Con todo esto mezcla el convenio Xunta-Concello y viene hablando, hace muchos meses, de ese convenio y a veces aparecen unas cosas que van a aparecer en él y otras no y según le dice el Sr. Cuiña entonces corrige, pero todas esas negociaciones las lleva calladamente, nadie lo sabe, se sabe que están ahí, y por qué no hace lo mismo con el Gobierno Central, a lo mejor es que le cuesta más ir a Madrid y hablar castellano o se entiende mejor con el Sr. Cuiña hablando gallego, seguramente tiene algún trauma que desconoce que le lleva a estas cosas; le vuelve a repetir que el Partido Popular no va a votar a favor de este pronunciamiento, el Partido Popular se presta a ayudarle a hacer bien los deberes para el año que viene, empezar a hacerlos ahora, que es cuando tiene que empezar a presentar los escritos, las peticiones y las demandas en el momento procedimental justo, exacto y adecuado y no de una forma extemporánea como es esta que está presentando en este momento.

Novamente fai uso da palabra o Sr. Alcalde manifestando que o goberno do estado coñece perfectamente cales son as demandas de Pontevedra e deste pais tamén e ten repasada absolutamente toda a documentación e o que ten que dicir é que para todos existe unha discriminación clara ó respecto dos investimentos que o Estado fai en Galicia e pasou a molestia de reparar cales son as peticións que o goberno anterior deste Concello presidido polo Sr. Pedrosa presentou ante o goberno do Estado e desgraciadamente non se diferencian en moito das que este Alcalde lle presentou ó Vicepresidente do Goberno nos últimos tempos e isto leva a unha conclusión e é que efectivamente se está a falar dos mesmos temas durante moitos anos; cando falou da Xunta o fixo por referencia que o Sr. Pedrosa fixo na anterior intervención e ademais realmente a decisión da circunvalación leste, a entrada de Bora por Pontevedra, foi unha decisión que lle ten que recordar que foi unánime desta Corporación, que houbo unha oposición veciñal clara, e que o mandato desta Corporación era intenta-la construción dunha circunvalación que resolvera efectivamente os problemas, e cara a esa finalidade está neste momento perfectamente enfocada co hándicap de que efectivamente non se recollen partidas suficientes para poder levar adiante o proxecto no ano que ven; en todo caso os proxectos de mellora da rede ferroviaria, os proxectos de conexión de Pontevedra coas autovías, obviamente

non son competencia deste Concello que non ten que facer proxectos destas características, o Concello ten que demandar que se fagan eses proxectos e que se fagan os investimentos necesarios para que a comarca de Pontevedra, o Concello e as comarcas limítrofes teñan una rede ferroviaria, viaria e unhas infraestructuras portuarias e aéreo-portuarias necesarias e suficientes e estas demandas foron presentadas historicamente pola cidade de Pontevedra cousa que a Administración Central non entendeu e ata o momento non respondeu a esas demandas; proxectos si ten que elabora-lo Concello e os elaborou no caso do saneamento da ría que, obviamente, non foi tarde, mal e arrastro, foi en tempo e foi un dos proxectos que recibiu eloxios por parte de tódolos estamentos que tiveron que informalo e que curiosamente ademais o grupo municipal do Partido Popular, no momento que se aprobou neste Concello, se abstivo e é un talante completamente distinto do que o Bloque Nacionalista Galego mantiña na oposición cando se trataba de solicitar, por parte de este Concello, fondos para determinados proxectos como puido se-lo URBAN, que a pesar de que ese proxecto tiña moitas deficiencias, dunha forma coherente e sería a oposición, naquel momento, do Bloque Nacionalista Galego votou a favor para xuntar esforzos intentando conseguir investimentos para esta cidade, cousa que agora como parece que está a ver que esas dúbidas se están disipando e o proxecto de saneamento da cidade pois vai adiante entón agora se suma ó carro dicindo que probablemente se aprobe, o que non dixo no pleno naquel momento, pero que queda aí cun voto absolutamente de abstenção que dende logo non demostra esa colaboración á que está a aludir agora, a colaboración debeuna demostrar tanto nese proxecto como nos proxectos do POL que temos solicitados para mellora do medio ambiente urbano; pensa que queda perfectamente claro que estes orzamentos do Estado non responden ás necesidades que ten este Concello, que a Administración Central e as xestións que este goberno fixo a este respecto non foron atendidas polos responsables políticos do goberno do Estado, que a pesar de que a cidade de Pontevedra conta cun Vicepresidente do Goberno que coñece persoalmente esas necesidades, iso non se reflicte nos orzamentos e o Sr. Mariano Rajoy ven a Pontevedra única e exclusivamente de vacacións ou en todo caso, prefire non falar do tema para non levantar polémicas, pero que non se lle ven de ningunha maneira concretadas as promesas electorais que fai cando se presenta ás eleccións en representación desta provincia.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de trece Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 4 presentes do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e co voto en contra de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda aproba-lo anterior pronunciamento.

Reincorpóranse á sesión don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo e dona María Dolores de Ozámiz Lestón.

Auséntase da sesión dona María Teresa Casal García.

5.-AREA SANITARIA NORTE DE PONTEVEDRA: PROPOSTA DA ALCALDÍA ASUMINDO A INICIATIVA PRESENTADA POR DIFERENTES COLECTIVOS (VECIÑAIS, POLÍTICOS, CULTURAI E SOCIAIS), EN APOIO Á CREACIÓN DUN NOVO HOSPITAL PARA A ÁREA NORTE DE PONTEVEDRA E A PARALIZACIÓN INMEDIATA DO PLAN FUNCIONAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO.

Dáse conta de proposta da Alcaldía asumindo a iniciativa presentada por diferentes colectivos, en apoio da creación dun novo hospital para a área norte de Pontevedra e a paralización inmediata do Plan funcional do Complexo Hospitalario, do teor literal seguinte:

Visto o asunto de referencia, e tendo en conta que polos diferentes colectivos, veciñais, políticos, culturais e sociais que compoñen a Plataforma cidadá pola defensa de Pontevedra e a súa Comarca "5J", e a Plataforma pola defensa da Sanidade Pública de Pontevedra, así como a Asociación Galega pola defensa da Sanidade Pública, dirixiuse escrito a este Concello de Pontevedra, no que se manifesta a profunda preocupación pola situación sanitaria que nestes intres está atravesando o sistema sanitario público da Area Sanitaria Norte de Pontevedra, e coa seguinte exposición de motivos:

1º.- O escaso número de camas hospitalarias, quirófanos, servizos e novas tecnoloxías sanitarias, que nos colocan nos derradeiros lugares de Galicia en canto a recursos sanitarios. Estas fallas son determinantes para a existencia das listas de espera inaceptables e tamén da necesidade de traslado de moitos enfermos fora da área sanitaria para recibir tratamento ou facer probas diagnósticas.

2º.- As previsións do Plan funcional do Complexo Hospitalario de Pontevedra, non contempla a creación do número de camas suficientes para solucionar a falla das mesmas (14 en total, reducindo 93 quirúrxicas), quirófanos (incrementanse tan só nun 10%), abandonando a posibilidade de crear novos servizos (recollidos en anteriores plans, como a ciruxía infantil, maxilo-facial, plástica, neurociruxía ou torácica), ou de incorporar as novas tecnoloxías sanitarias.

Por outra banda o Plan Funcional ten a previsión de distribuír os servizos do Complexo entre os edificios dos Hospitais de Montecelo e Provincial, o que xerará un grave problema de disfuncionalidade coas conseguíntes molestias e trabas para a asistencia dos enfermos e tamén para a labor clínica dos profesionais.

A gravidade desta situación moveunos a solicitar ás autoridades sanitarias da Xunta de Galicia a paralización do proxecto, e o compromiso da creación dun novo centro sanitario

que solucione as carencias e traia á Area Norte de Pontevedra da que este Concello forma parte, os adiantos tecnolóxicos e os servizos que a poboación da Área lle corresponde. E solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que apoie a creación dun novo Hospital para a Área Norte de Pontevedra.

2º.- Que esixa a paralización inmediata do Plan Funcional, para que non comprometa a creación do novo centro.

3º.- Que traslade á Consellería de Sanidade ámbalas dúas demandas.

4º.- Que se sume, apoie e chame a participar ós seus cidadáns á manifestación cívica que esta Plataforma convocará o vindeiro mes de novembro nas rúas de Pontevedra, buscando apoio cidadán para a solución destes problemas.

Polo exposto por esta Alcaldía formúlase proposta favorable a este iniciativa cidadá para a súa aprobación si procede polo Pleno da Corporación, previa a emisión do dictame correspondente pola Comisión Informativa de Política Social.

Aberto o debate intervén, en representación do grupo municipal do PS de G-PSOE, don Luciano Eusebio Santiago Esperón para indicar que no segundo punto do acordo di que esixa a paralización inmediata do plan funcional para que comprometa a creación dun novo centro e entende que debe dicir para que non comprometa, aí pode haber un erro.

Contesta o Sr. Alcalde dicindo que están de acordo en que debe dicir para que non comprometa a creación dun novo centro ou ata que se comprometa a creación dun novo centro que sería igual. En canto ó debate dicir que a área sanitaria norte da provincia de Pontevedra é unha área que ten unha poboación superior ós 300.000 habitantes, que neste momento existe un déficit importante tanto de camas, quirófanos e tecnoloxía como de servizos ou especialidades que se dan na nosa área respecto de outras áreas sanitarias de Galicia, neste sentido as diferencias son moi importantes tanto de camas, como de quirófanos, como de tecnoloxía, o cal fai que existan listas de espera que a veces non son superiores porque están pechadas digamos que a cita para diversas especialidades, todo o mundo sabe que en determinados momentos se chama ó servizo de cita previa e contestan chame a partir de xaneiro porque non está aberta aínda, polo tanto é unha forma perversa de diminuí-las listas de espera cando non existe nin sequera a posibilidade de anotarse nelas; por outro lado moitos enfermos desta área teñen que se trasladar a distintas áreas, concretamente a Vigo maioritariamente, para facer probas e dende logo o volume ou o número de usuarios desta área dá perfectamente para ter tecnoloxía nesta área que puidera evitar eses traslados continuos e que se ten elaborado por parte da Administración sanitaria un plan funcional do complexo hospitalario que desde que se empezou a executar está a provocar situacións de incremento destas listas de espera, de empeoramento da asistencia, etc. Polo

tanto por parte de tódolos sectores e desde os sectores profesionais da sanidade, que son os que mellor coñecen o funcionamento do complexo hospitalario de Pontevedra, se ten solicitado á administración sanitaria que se tomen medidas en aras a cambiar esta situación e que se concretan na construción dun hospital único co número de camas, quirófano e tecnoloxía suficientes e coa incorporación das especialidades necesarias para que esta comarca teña unha asistencia sanitaria non discriminatoria respecto doutras comarcas de Galicia e moito mais doutras zonas do Estado, porque como todo o mundo sabe Galicia segue tendo déficits importantes debido a unha mala negociación no seu momento do INSALUD, desa transferencia á Xunta de Galicia que creou o actual SERGAS, polo tanto existe unanimidade nos profesionais da sanidade tanto médicos como enfermeiras como a nivel sindical e se ten reclamado da Administración dende abril deste ano, a construción por parte da Consellería de Sanidade e do SERGAS dun novo hospital xa que o funcionamento conxunto está a provocar problemas importantes de incremento de listas de espera, de caos e de protestas sistemáticas dos usuarios. Entón a ese respecto os xefes de servizo, en determinado momento, solicitaron unha entrevista con esta Alcaldía, foi atendida, e dentro da exposición desa postura que presentaron solicitouse desta Alcaldía que fixese un apoio expreso a esta reivindicación, apoio ademais que, en principio, foi unánime por parte dos grupos políticos da Corporación, existe unha Xunta de Portavoces onde se decidiu apoiar esas reivindicacións e posteriormente a solicitude dunha entrevista co Conselleiro tamén para solicitar, xunto cos alcaldes da comarca, que se leve a cabo un estudio de cara á posibilidade de levar adiante un hospital único; esta reunión tivo lugar en abril, en Santiago, con representantes da comarca do Salnés, das comarcas de Pontevedra, e de Caldas-Umia e houbo un compromiso do conselleiro no prazo dun mes, finais de xuño, de ter a disposición dos alcaldes e de todo o mundo, un estudio urbanístico, sanitario e técnico para dar saída a este tema; a pesar de que pasou o mes de xuño, de xullo, o de agosto e dos múltiples intentos de que o Conselleiro nos respondese a ese respecto, aínda é o día de hoxe, despois de novas reunións entre os distintos alcaldes e non respondeu, ademais ten que resaltar que as últimas reunións que se convocaron no Concello de Pontevedra a este respecto, se ben na primeira vez os alcaldes dalgún grupo non asistiron á reunión, na última reunión houbo unanimidade dos grupos de distintas cores políticas, dende independentes ata o Partido Popular, o Partido Socialista e BNG, polo tanto con compromiso ademais de que se ía contestar nun prazo de 15 días e aínda ó día de hoxe, debe ser porque o Conselleiro esta moi preocupado polo tema, aínda non se respondeu a esta demanda. O grupo municipal do BNG cre conveniente, desde logo, á petición da plataforma cidadá do 5-X e da plataforma da sanidade pública de facer un pronunciamento deste Concello no que quede claramente definido que esta Cor-

poración apoia a construción dun hospital para a área norte de Pontevedra, que esixa a paralización inmediata do plan funcional polo que antes se dicía e para que non se fagan investimentos que se teñan que volver atrás no futuro, porque se decida unha cousa que non teña nada que ver coa actuación que se está facendo agora e que obviamente se trasladen á Consellería de Sanidade estas demandas e apoia-la mobilización social da plataforma cidadá e da plataforma para a defensa da sanidade pública e dos propios sindicatos, que teñen pensado convocar no mes de novembro nas rúas de Pontevedra para dar unha cobertura a esta demanda social unánime de toda a comarca de Pontevedra.

A continuación intervén o Sr. Santiago Esperón sinalando que se trata neste momento de consolidar nun único dispositivo asistencial, nun único hospital, os dispositivos asistenciais hospitalarios que hai en Pontevedra, entende o grupo municipal socialista que se chegou a unha concreción suficiente para aportar todos o esforzo de chegar a facer realidade o que se lle ven de chamar novo hospital, que non é unha abstracción que quede por aí fóra nun ancello non alcanzable e se converta nunha realidade tanxible e palpable. Isto quere dicir en gran medida que se vai ter que facer un esforzo, aquí como representantes dos cidadáns de Pontevedra pero tamén noutras corporacións municipais da nosa comarca e o que ven sendo toda a área norte da provincia para para que se concreten os investimentos; pensan que neste momento se dan tres circunstancias que posiblemente se dean poucas veces para que un proxecto desta envergadura se faga realidade, hai vontade política polo menos a nivel local, haina tamén polo que se desprende dalgunha declaración a nivel da Consellería, hai vontade de que esta isto concretado, hai recursos financeiros suficientes, os 9.000 millóns que supoñen os plans funcionais dos dous centros, para podelos unificar e hai vontade cidadán e vontade dos profesionais de chegar a bo fin, de levar esta nave a bo destino, esas tres circunstancias fan que o proxecto poda ser alcanzable e iso tamén fai que o grao do compromiso dos cidadáns e das corporacións sexa alto e di isto porque posiblemente o novo hospital o sitio máis probable e a forma máis concreta de expresión que poda ter sexa nos contornos do hospital Montecelo, pola capacidade de crecemento pero porque iso tamén vai a determinar un área onde o hospital poda asentarse e poda medrar e iso significa un esforzo para o Concello, significa un esforzo que lle hai que pedir ós cidadáns para que iso se faga realidade, iso tanto é así que no punto oitavo da orde do día de hoxe vaise aprobar algo que se pode entender dentro da planificación da concreción desta área, que son melloras en accesos a esta zona hospitalaria, ó grupo municipal socialista lle gustaría facer esta reflexión porque pensa que é o momento oportuno para alcanzar algo que si que é de gran necesidade para a nosa zona, por non abundar noutro tipo de argumentos, porque pensa que este é o momento onde iso que

puido empezar como un ancello difuso sexa unha concreción e unha realidade a curto ou medio prazo.

Seguidamente intervén, en representación do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández indicándolle al Sr. Alcalde que le iba a decir que se alegraba de que tomase las riendas del Pleno y que defendiese los asuntos pero se arrepiente de haberlo dicho porque larga unas peroratas que le duermen y casi es mejor que siga el Sr. Mosquera. En fin decirle que en este asunto, que evidentemente es importantísimo para la ciudad de Pontevedra, quiere recordar que en la primera reunión de portavoces en la que se habló de este tema, y se habló porque esto empezó como una propuesta de los propios profesionales de los dos hospitales y de los jefes de servicio, y al grupo popular por lo menos le pidieron que no lo politizase, y se imagina que esto se lo pidieron a todos los grupos y en aquella reunión de portavoces le dijo al Sr. Alcalde que no se debía de politizar ese tema y de hecho si trató de politizarlo desde el primer momento y prueba de ello es que en aquella reunión de portavoces dijo que se iba a reunir con todos los Alcaldes de los alrededores y cree que los grupos municipales socialista y popular coincidieron en que no asistirían a esa reunión, que estaban en una reunión de portavoces y que eso era un problema suyo pero que entendían que no era el momento de esa reunión, no hizo caso y celebró esas reuniones y cree que tiene interés politizando el tema y le va a tratar de explicar el porqué, si dice ahora que pretendemos aprobar aquí un escrito pidiéndole al Sr. Conselleiro que de una vez por todas esté ese informe listo sobre la mesa lo apoyan por unanimidad y le dan la razón en que ese informe hace meses que tenía que estar hecho, no está al día de hoy todavía, tiene razón en ese punto pero de ahí a que se esté ya pidiendo un hospital único, que se esté pinchando a la ciudadanía para que se manifieste en contra de no sabe que, le parece primero una barbaridad y segundo que no es ni muchísimo menos una de las actuaciones que debería realizar este Pleno o este Ayuntamiento. El Partido Popular va a abstenerse en este punto porque evidentemente le preocupa mucho el tema del hospital único pero va a abstenerse hasta que tenga ese informe en la mano y cree que es a partir de ahí cuando se tendrán que estudiar muchas cosas, es a partir de ahí cuando se tendrá que reunir el Consello Económico y Social y a partir de tener ese informe cuando tendrán que trabajar muchas horas los grupos políticos municipales para tomar al final la mejor decisión o la decisión que crean que sea la mejor para Pontevedra, y le dice el porqué, ese estudio puede contemplar distintas cosas el grupo municipal del B.N.G. pide que se paralice el plan funcional y el grupo municipal del Partido Popular no se atreve, sus grupos tienen un médico en cada uno de ellos y a lo mejor saben más de esto, desde luego mandar paralizarlo sin saber si realmente esa es la buena opción o no y resulta que quedamos en pañales durante una temporada hasta que se haga el

nuevo hospital; es decir cree que hay muchísimas cosas para meter en ese tintero, para estudiar, para debatir y para al final tomar una decisión que probablemente no es fácil tomarla a ninguno y ahí si tendrán que apoyarse y trabajar todos, pero repite lo mismo esto será siempre después de que tengan un informe que por otro lado debe de ser un informe serio e importante cuando lleva más de cuatro meses para salir adelante, es decir no es una cosa hecha así a todo correr en quince días y, una vez que se tengan los informes, cree que si es el momento de dar todos esos pasos, cree que incluso el Alcalde no tiene que mirarlo como médico, es decir a lo mejor como médico ve que las cosas son buenas y como Alcalde resulta que no son tan buenas para la ciudad, no quiere decir con esto nada ni está presuponiendo que ahí va a haber problemas; cree que hay que tener muchas más cosas en cuenta, es decir personalmente, no con el pensamiento de un grupo político sino a nivel personal, Juan Luis Pedrosa, tiene muchas dudas de si hay estudios de la cantidad de gente que viene al hospital provincial, al que está en el centro de la ciudad, la cantidad de gente que pasa al año, como repercutiría eso en el comercio, los restaurantes, los bares de la zona, es decir que le parece que hay toda una serie de datos que sería muy importante tener sobre la mesa y que a lo mejor hay que estudiar y darle muchas vueltas y no decir que se haga un hospital único en otra esquina y se van a Montecelo y todo eso lo pierde la ciudad, se trata de una reflexión personal pero que cree que también hay que estudiar y que es muy importante y que también se pueden mover cifras ahí muy importantes; en definitiva decirle que el Partido Popular si está preocupado con este asunto, si reclama que ese informe de la Consellería esté de una vez por todas y el Partido Popular se va a abstener hasta tener ese informe y a partir de ahí, a lo mejor luego resulta que es más beligerante que el Sr. Lores.

Interviene el Sr. Taboada Rivadulla por una alusión personal que hizo el Sr. portavoz del Partido Popular en referencia a su posición. Coincidieron en una cuestión muy clara y es que este tema no debía ser politizado, están de acuerdo, es un tema que no tiene por que politizarse, y entiende que aquí hay unos intereses que son comunes a todas las fuerzas políticas independientemente de sus posiciones de partido y en ese sentido el partido socialista y el grupo municipal socialista va a estar en todos aquellos sitios que sea necesario defendiendo los intereses de Pontevedra y no los intereses del partido, en la necesidad y en la medida que haya que reforzar ese consenso y ese apoyo el partido socialista va a estar ahí, han estado en la conversación con el Sr. Conselleiro en la que ha estado también en esa visita que han hecho a Santiago conjuntamente con el Alcalde y allá donde a su grupo lo llamen estará para reforzar una posición, pero no como interés político sino como interés global del consenso para reforzar una inversión o una necesidad que tenga el Ayuntamiento de Pontevedra.

Novamente fai uso da palabra o Sr. Alcalde manifestando que o Sr. Pedrosa confunde politización, no mal sentido da palabra ademais, coa defensa dos intereses da cidade, unha cousa é a politización e outra cousa é que a responsabilidade do Alcalde é defende-los intereses da cidade, neste sentido a reunión de portavoces e posteriormente a reunión cos Alcaldes da comarca, porque o hospital único non só atinxe a Pontevedra senón que tamén atinxe non sabe exactamente a cantos pero por enriba de 20 Concellos da área norte de Pontevedra, polo tanto unha das disposicións da Lei xeral de sanidade fala de que a sociedade en xeral e a Administración municipal en particular ten moito que dicir na política dos servizos sanitarios e esa reunión co Alcalde foi unha petición expresa dos xefes de servizo que presentaron, dende o punto de vista técnico e como profesionais, as necesidades de paralización do plan funcional e da creación dun único hospital porque é obviamente máis operativo; quere recordar que o propio Xerente, en declaracións hai uns poucos días, recoñeceu que é máis operativo un hospital único que dous e existe a posibilidade de facelo porque neste momento restan 9.000 millóns de pesetas de investimento previstos neste complexo hospitalario que dan perfectamente para a construción dun hospital único e nesa reunión cos xefes de servizo se lle solicitou, como Alcalde desta cidade capital de provincia e cabeza dunha ampla comarca, dar apoio institucional a esta demanda do sector e ese apoio institucional se falou concretamente alí, se falou da reunión dos portavoces para que fora un acordo unánime de toda a Corporación, polo menos das forzas políticas, e se falou da reunión cos alcaldes da comarca para darlle un aval institucional a esta demanda, aval institucional que na primeira reunión que tivemos foi importante, pero que na segunda reunión cos alcaldes da comarca foi unánime de tódalas forzas políticas e de tódolos concellos, practicamente de todos agás algúns que xustificaron a súa ausencia por non poder asistir pero que apoiaban a decisión da maioría a ese respecto. Polo tanto non se trata de que haxa politización, no mal sentido da palabra, senón que hai unha resposta institucional das institucións municipais da comarca reivindicando unha demanda ou esixindo á Administración sanitaria da Xunta que responda a esas demandas de todos conxuntamente; respecto á paralización do plan funcional o Sr. Pedrosa se arrima a que son os Xefes de Servizo, que é verdade, pero e que son os Xefes de Servizo e o propio sector sanitario os que demandan a paralización do plan funcional, entre outras cousas porque ese plan funcional está demostrando que empeora a situación respecto das anteriores, quere dicirlle, por exemplo, un servizo en concreto como é o de Oftalmoloxía que existía dividido nos dous hospitais, en Montecelo e no Hospital Provincial, que tiña unha lista de espera razoable, ten que dicir que, como defensor da sanidade pública, é plenamente consciente de que as listas de espera teñen que existir, non é posible que nun sistema público non existan

listas de espera, unha cousa son as listas de espera e outra cousa son as listas de desesperación que pasan de 3 ou de 4 ou de 6 meses, entón cando había unha lista de espera razoable dun mes en Oftalmoloxía no Hospital Provincial e en Montecelo, pois pasou agora a unha lista de espera para consulta de 7 ou 8 meses co servizo unificado e de máis dun ano para intervencións, e o mesmo se podería falar doutros servizos. Ó estar a falar da paralización do plan funcional se está a falar de atrasar investimentos que poidan hipotecar unha decisión para o futuro, se realmente a Consellería de Sanidade fixera os estudos, porque ademais as datas as puxo ela, é dicir que ninguén esixiu á Consellería de Sanidade que dera a resposta nun mes, senón que foi a propia Consellería de Sanidade a que dixo que nun mes tería realizados eses estudos, ese mes transformouse en 5, estes últimos 15 días ademais que dixeron que estaría xa a disposición o plan e o estudio se están transformando en mes e pico, o Sr. Conselleiro de Sanidade está desaparecido, dende logo non pode lembrar a cantidade de veces que este alcalde intentou poñerse en contacto co Conselleiro de Sanidade nos últimos 15 días pero sempre está moi ocupado e non se lle pon ó teléfono a ninguén nin sequera a alcaldes do Partido Popular, polo tanto parécelle que está plenamente xustificada esta moción que é un aval máis institucional a esta demanda cidadán, e volve a insistir en que lle agradecería que, coherente coa súa posición na xunta de portavoces e coa posición de alcaldes do seu partido noutros concellos, apoie esta moción para que sexa unánime esa demanda que é unha demanda social de toda a sociedade de Pontevedra.

Intervén o Sr. Pedrosa Fernández diciéndolle al Sr. Taboada que aquela visita al Conselleiro se había pedido en la Junta de Portavoces, luego el Sr. Alcalde llevó a otros alcaldes que no son portavoces de este Ayuntamiento a esta visita, decirle que ahí es donde el Alcalde empieza a politizar el tema, es así de claro, a esa visita tenían que haber ido los tres portavoces del Ayuntamiento y nadie más. Evidentemente fueron otros alcaldes incluso alguno del Partido Popular, que no pasa nada pero quiere decir que el matiz está ahí precisamente; en cuanto a lo de politizarlo, Sr. Alcalde, quiere decirle que quien le transmite que no les gusta nada la politización son los propios Jefes de Servicio, son quienes se lo transmiten, las primeras personas que con él hablaron de este asunto y que le pidieron que no se politizase, ahora son las que le dicen que esto se politizó y que no les gusta nada, entonces no es el Partido Popular son los Jefes de Servicio.

O Sr. Alcalde contesta que ten que discrepar co Sr. Pedrosa neste tema, en todo caso non estaba na reunión cos Xefes de Servicio que mantivo esta Alcaldía e obviamente hai unha petición que ademais que lle pareceu, como xa dixo, razoable de que a reivindicación fora extensiva a tódalas administracións locais de toda a comarca e iso é así, comprenderá en todo caso que pode mante-lo que quere pero a realidade é así e volve a

insistir en que se está confundindo e o que lle molesta ó Partido Popular, en todo caso, é que o Alcalde de Pontevedra se poña ó fronte de demandas sociais neste caso e ademais se consiga a unanimidade de tódalas forzas políticas e supón que será por mala conciencia ou porque non o soubo facer cando estivo gobernando este Concello.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de catorce Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 4 presentes do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e coa abstención de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, acorda aproba-la anterior proposta.

Reincorpórase á sesión dona María Teresa Casal García.

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR: PROPOSTA REFERIDA Á COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE FAMILIA, PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE PARA O DESENVOLVEMENTO DA INICIATIVA "PROGRAMA DE CONDUCCIÓN SEGURA".

Dáse conta de moción do grupo municipal do Partido Popular, referida á colaboración coa Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude para o desenvolvemento da iniciativa "Programa de conducción segura", do teor literal seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

El balance de accidentes registrados en las distintas carreteras, autopistas, travesías y cascos urbanos de nuestro país es cada vez más preocupante, a pesar de que tanto el estado de conservación de las vías de comunicación terrestres es cada vez mejor y la apertura de nuevas carreteras, autovías y autopistas se incrementa cada año.

Consciente de la importancia que tiene extremar las medidas de seguridad en el tráfico rodado, la Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, promueve desde el pasado año el Programa Conducción Segura con el fin de inculcar a los jóvenes conductores una serie de hábitos y conductas de vital importancia a la hora de evitar accidentes de tráfico como consecuencia del uso inadecuado del vehículo.

La acogida del programa fue excelente el pasado año en distintas ciudades donde desde la Xunta se consideró conveniente realizarlas y, entre ellas se encontraba Pontevedra, donde, a pesar de la pésima colaboración del Ayuntamiento con la Consellería para el desarrollo de esta iniciativa encaminada a la seguridad vial, 455 jóvenes mostraron su interés y tomaron parte en el programa.

La incompetencia, la incapacidad o la falta de interés del gobierno del BNG porque esta iniciativa de la Xunta se desarrollara con éxito y con todas las garantías posibles, llevó incluso a pasar un cargo de 1.500.000 pesetas por unos desper-

fectos, supuestamente a causa del Programa de Conducción Segura.

Pero a la incompetencia y el desprecio del gobierno local hacia el desarrollo de iniciativas que contribuyan a mejorar la seguridad de los jóvenes del municipio se puso de manifiesto nuevamente cuando este año, el 25 de abril, el Delegado de la Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Joaquín Macías Sánchez, solicitó al Alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, su colaboración para desarrollar la II Edición del Programa de Conducción Segura, en un lugar adecuado y con unas mínimas condiciones para el desarrollo de las clases teóricas y prácticas que recibirían los cientos de jóvenes participantes.

El desprecio a los jóvenes interesados en asistir a este Programa fue tal, por parte del gobierno del BNG, que el Concejal de Juventud, Manuel Fontán Bouzas, se limitó a responder al Delegado el día 29 de mayo en un escrito de cuatro líneas, en el que entraba en una tremenda contradicción al indicar que estaba muy interesado en el Programa pero que el Ayuntamiento no podía facilitar un espacio con las características que se solicitaba.

Ante esta situación de desidia e incompetencia para el desarrollo de iniciativas que son de gran interés para el colectivo juvenil de Pontevedra, y de gran utilidad para evitar que la cifra de accidentes de tráfico que se producen anualmente continúe creciendo, la Concejala del grupo municipal del Partido Popular, Sonia Rey Barros, presenta la siguiente moción:

1.- El gobierno municipal se compromete a buscar el lugar idóneo en el que se pueda desarrollar el Programa de Conducción Segura dirigido a los jóvenes en próximas ediciones, dada la importancia del mismo para que los participantes puedan recibir nuevos conocimientos y adquirir conductas que garanticen el desarrollo de una conducción segura.

2.- Ese espacio solicitado, probablemente pueda ser la explanada del Recinto Ferial Permanente, de titularidad municipal, o algunas parcelas localizadas en las inmediaciones del mismo. Y si fuera necesario que se llevaran a cabo las actuaciones necesarias para un acondicionamiento provisional mientras se desarrolla el Programa.

3.- En caso de que este espacio no fuera válido, el gobierno local llevará a cabo las gestiones necesarias con otras instituciones para encontrar el lugar idóneo donde pueda desarrollarse el programa en próximas ediciones, como podría ser la Autoridad Portuaria, la Diputación Provincial o la propia Xunta de Galicia.

4.- El gobierno local iniciará las gestiones con la mayor brevedad posible para que, llegado el momento, se disponga de las instalaciones adecuadas para el desarrollo del Programa de Conducción Segura.

A Comisión Informativa Permanente de Política Social e

Promoción do Benestar, en data 26 de outubro de 2000, por maioría, dictaminou desfavorablemente a moción.

Aberto o debate intervén, en representación do grupo municipal do Partido Popular, dona Sonia Rey Barros para aclararle en primer lugar al Sr. Alcalde, por sus declaraciones aparecidas en los medios de comunicación, que impresentable no es esta moción que presenta el grupo municipal del Partido Popular, impresentable es lo que ha hecho el grupo de gobierno con el tema de esta moción y lo que está haciendo con muchos otros temas; entiende que no le guste que presente esta moción porque con ello le están demostrando su incompetencia, su incapacidad o su falta de interés porque esta iniciativa de la Xunta se desarrollara con éxito, al impedirlo están demostrando su desprecio a los muchísimos jóvenes interesados en asistir y formar parte de esta segunda edición del programa de conducción segura, que el año pasado tuvieron que quedarse fuera por falta de plazas, y su grupo se pregunta ¿qué les van a decir? ¿les dirán por casualidad una vez más que la culpa la tiene el grupo municipal popular como en otras muchísimas ocasiones?. Por otra parte les consta el interés mostrado por la Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude para poder llevar a cabo esta segunda edición, pero también les consta la desidia y desinterés del grupo de gobierno tanto para esta segunda edición como para la primera, en la que le recuerda participaron 455 jóvenes y muchos fueron los que se tuvieron que quedar fuera por falta de plazas; no se han molestado en ningún momento en buscar el lugar adecuado para poder realizarlo y les tiene que decir que sí lo hay, por eso les insta a que se comprometan a buscarlo para próximas ediciones de este programa porque por desgracia este año no va a ser posible realizarlo, no le está solicitando nada imposible sólo un mínimo de interés y ganas de hacerlo y recordarle al Sr. Fontán, por si se le ha olvidado, que disfruta de una dedicación exclusiva con lo que tiene la obligación de molestarse y mucho por intentar por lo menos hacer bien su trabajo por el bien de todos los jóvenes pontevedreses. Decirle además, por si no se han enterado, que de las 7 grandes ciudades de Galicia, Pontevedra es la única que no va a realizar este programa, tanto Vigo como Ferrol, Santiago, La Coruña, Orense y Lugo si lo van a desarrollar y su grupo se pregunta por qué Pontevedra no, y les contesta y les reitera que es porque no se molestaron lo más mínimo y esto si que es impresentable e inadmisibile; también está segura, por otra parte, que si la Xunta no se lo hubiese propuesto había que verles poniendo el grito en el cielo como en otras ocasiones e incluso a lo mejor montando una manifestación acusando, como en infinidad de ocasiones lo han hecho y siguen haciendo, a la Xunta de que pasa de Pontevedra, o sea que les pide que den la cara, no se olviden de que están gobernando y asuman sus responsabilidades cuando así lo tienen que hacer y no le den la vuelta para que siempre los culpables sean los señores y señoras de Partido

Popular o del Partido Socialista, como les convenga, eso si el grupo de gobierno nunca, dejen ya de engañar a los ciudadanos que se les está viendo el plumero y pónganse a trabajar por Pontevedra que para eso están gobernando.

En representación del grupo municipal del PS de G-PSOE intervén don Roberto Jesús Taboada Rivadulla, primero para felicitar a la concejala del Partido Popular por esa aportación y contribución que ha hecho a no dormir a las ovejas en este pleno porque se trata de un pleno bastante amuermado y la verdad es que ha venido "heavy" con su intervención con lo cual ya es un poco estimulante, le gusta cuando hay plenos más estimulantes y si al final puede subir un poquito la adrenalina en las intervenciones a ver si la tónica mejora entonces en cuanto a despertar un poco esa cuestión. Decirle que el grupo municipal Socialista lo primero que quiere hacer es trascender la espuma de la exposición de motivos en la que no va a entrar ni va a discutir, en todo caso hay una serie de argumentos en la exposición de motivos que supone que valorará probablemente en su momento el equipo de gobierno que es a quien va dirigida esa exposición de motivos, va a trascender la espuma y va a quedarse en la propuesta concreta que hace esta moción que cree que es lo sustancial y lo que debería interesar que es que al final este programa de conducción segura pueda tener los fines más óptimos para que se pueda realizar en este municipio. En cuanto a las propuestas concretas que hace en la moción a su grupo le parece que la que se circunscribe al primer punto es la que resume en realidad lo fundamental de la moción, porque después los otros puntos vienen a incidir un poco sobre lo mismo y no lo resumen como el primero, por lo tanto el grupo municipal Socialista propone una transacción, una enmienda, si es posible y si la acepta el grupo proponente de esta moción, estarían dispuestos a apoyar el punto primero que insiste cree que resume perfectamente el acuerdo al que se quiere llegar enmendándolo de la siguiente forma: el gobierno municipal se compromete, dentro de las disponibilidades del concello, a seguir buscando el lugar idóneo en el que se pueda desarrollar el programa de Conducción Segura dirigido a los jóvenes en próximas ediciones dada la importancia del mismo para que los participantes puedan adquirir nuevos conocimientos y adquirir conductas que garanticen el desarrollo de una conducción segura. Esa es su propuesta y su oferta al grupo que ha presentado esa moción.

Seguidamente intervén don Manuel Xesús Fontán Bouzas, en representación do grupo municipal do BNG, indicándolle á Sra. Rey Barros que volve a usar outra vez un ton autenticamente inapropiado para este pleno e ten que lle dicir que non garda e non cumpre os mínimos formais que se deben ter neste foro, que está superando o grao descualificativo con moito tanto na moción como na súa intervención e volve ademais a confundir dúas cuestións distintas, volve a confundir unha cuestión de vontade política, de desexo de sacar adiante un programa, que

efectivamente é moi proveitoso e moi bo para o conxunto da xuventude do concello coa imposibilidade material e os problemas reais que hai para sacar este programa adiante, polo tanto ten que lle dicir que non confunda o touciño coa velocidade que son cousas distintas. A cuestión da educación e da formación vial é unha cuestión prioritaria deste goberno e para iso están a destinar fondos e a poñer persoas que fan campañas nos colexios e a traballar conxuntamente con outras administracións. É unha cuestión prioritaria á que se están destinando un montón de recursos, recursos orzamentarios, recursos humanos, etc. Nese sentido ten que lle dicir que, neste último ano, se mantiveron os contactos pertinentes coa Dirección Xeral de Xuventude para poñer en marcha en Pontevedra o programa de Conducción Segura e foron requiridas unha serie de necesidades por parte da Dirección Xeral de Xuventude que lle pasa a relatar, as necesidades para a realización do programa de Conducción Segura para a xuventude son as seguintes: espacio exterior asfaltado de 15.000 metros cadrados que ven a ser aproximadamente, para que se oriente, como dous campos de fútbol asfaltados, 3 aulas con capacidade para 25 persoas polas mañás, un aula con capacidade para 75 persoas polas tardes, servizos separados por sexos, servizo de hostelería-catering para proporcionar durante este programa, café polas mañás e comida para un total de 100 persoas, o tempo da comida non poderá superar unha hora e despois outros materiais, valados e o camión de bombeiros que era necesario e que así se dispuxo para a realización durante esta semana que duraba o programa. Hai un problema fundamental que era ese espacio continuo de 2 campos de fútbol asfaltado que non hai en terreos municipais, desde logo ten que lle dicir claramente, pola baixenza do argumento, que non lle vai a amedrentar con ese tema da dedicación exclusiva porque é unha cuestión á que xa se ten visto sometido máis veces e quérelle dicir, nese sentido, que persoalmente estivo cos técnicos da empresa que desenvolveron este programa unha tarde enteira ata as nove e media da noite, levounos ó Campiño para visita-los viais para ver se alí se podía realizar o programa e para eles había unha serie de problemas como era o tema das aulas da parte teórica do programa que non había sitio alí e lle supoñía un problema para o transporte en autobús desde Pontevedra ata alí e tampouco servía. A explanada do Recinto feiral, á que fai referencia, foi desaconsellada polos servizos técnicos do Concello, os adoquíns eses que hai son difíciles de limpar das freadas dos coches e das gomias que quedan incrustadas, á parte que non cumpre as condicións tampouco para realizar ese tipo de actividades e polo tanto está totalmente desaconsellado polos servizos técnicos; a pesar diso e forzando a maquinaria tomouse a decisión de usalo recinto feiral e o aparcadoiro anexo e se dispuxeron tódalas medidas e se cubriron tódalas necesidades anteriormente citadas, inclusive houbo que modifica-lo servizo de bombeiros, que son ben coñecidas por todos as limitacións que ten, poñendo a dis-

posición un camión de bombeiros toda esa semana para que estivese alí e se puideran realizar tódalas actividades tal e como se requiría, polo tanto houbo un esforzo e moi importante para sacar adiante neste último ano este programa, como consecuencia dese esforzo houbo unha serie de desperfectos por que ese lugar non era apropiado; en cando ós descalificativos ós que se fai referencia na exposición de motivos non pode compartilos e a moción non ten por onde collerse tampouco na parte resolutiva, porque dende logo se podería facer unha declaración institucional aquí dicindo que esta Corporación municipal desexa que as vacas voen, poderíase facer, pero o que non vai facer este Concelleiro e esta Corporación municipal é comprometerse a que voen; non hai terreos municipais para desenvolver este programa, efectivamente pode haber outros lugares e nese sentido se mantivo unha conversa coa Directora Xeral de Xuventude na que se falou sobre os problemas deste programa en Pontevedra, se falou doutras cuestións de colaboración, na liña de colaboración que o grupo de goberno ven mantendo coa Dirección Xeral e con toda a Consellería e onde houbo un compromiso pola súa parte de manter contactos con outras administracións para ver as posibilidades, concretamente coa Autoridade Portuaria sen que ata o momento haxa resposta desa cuestión; nese sentido ademais hai que dicir que é unha cuestión bastante complexa a tramitación dese tema e dubida, a verdade é que cos contactos que mantiveron directamente tampouco hai os espacios ou hai limitacións importantes tamén aí, polo tanto o grupo municipal do BNG vai a votar por suposto en contra e aínda que desde logo está de acordo coa vontade que manifesta o portavoz do grupo socialista e con esa vontade que, como di, non só comparten senón que puxeron en práctica e que inclusive considera que se excederon nese tema, pero dende logo non poden aceptar esa transacción por la exposición de motivos e polo ton e a forma que ten esa moción tamén.

Volve a facer uso da palabra a Sra. Rey Barros indicándolle al Sr. Fontán que lo de inapropiado es desde su punto de vista, que se contradice y que no existe ninguna imposibilidad material sino que es él quien la imposibilita y se está contradiciendo porque tiene muchísimo interés pero no lo ha mostrado todo, de hecho está diciendo ahora que se ha puesto en contacto con la Autoridad Portuaria y se ha puesto en contacto a raíz de la presentación de esta moción, no antes, es mentira reconózcalo, todo el mundo comete errores en la vida pero hay que saber reconocerlos también, es muy fácil echar balones fuera. No venda su labor porque no hace falta que venda nada y menos a ella, es posible que se lo venda a otros pero no a ella, además conoce las necesidades y no hace falta que se las recalque porque conoce muy bien los papeles y se ha documentado suficientemente y también conoce la flexibilidad por parte de la Consellería y la no flexibilidad por su parte, porque con un mínimo de interés lo hubieran hecho. No pretende, por supuesto, amedrentarle para nada, y su trabajo es estar con

los técnicos y estudiar los temas y no lo venga a vender aquí. Le señala al Sr. Fontán que también ella ha mantenido sus conversaciones o sea que no venga a decir que las mociones que presenta las saca de la manga y magia no hace por ahora y ha tenido conversaciones tanto con técnicos como con personas que han participado el año pasado en este programa y no ha existido colaboración por su parte, se lo han dicho por activa y por pasiva, de todos modos quiere pensar que a pesar de su negativa a admitir esta moción pasa un poco como en la anterior que presentó en el pleno pasado, se negó a aprobarla pero al menos en parte le ha hecho caso y ha salido no la suficiente pero por lo menos algo de publicidad para que todas las asociaciones se enteraran del tema de Noites Abertas y pudo comprobar los resultados por la cantidad de asociaciones que se presentaron a dicha reunión, entonces espera que con esta moción, aunque no la aprueben, haga o intente por lo menos hacer una mínima parte, aunque lógicamente hubiese preferido que tanto la anterior como esta la hubiesen aprobado en su totalidad. En cuanto al Partido Socialista acepta perfectamente esas modificaciones que plantea, no tiene inconveniente ninguno en cambiar el texto porque realmente viene a decir lo mismo.

A continuación intervén o Sr. Taboada Rivadulla para decir que, dentro de su línea de palabras dulces con argumentos sólidos frente a contrastes más duros, efectivamente en vista de que el Partido Popular recoge sus enmiendas el grupo municipal socialista va a apoyarla entendiendo que al final se queda con la música en vez de con la letra de la moción.

De seguido intervén o Sr. Fontán dicíndolle á Sra. Rey que volve a mesturar cousas e que en noites abertas se seguiu exactamente o mesmo procedemento que o ano pasado o que pasa é que unha vez que se consolidou o programa veñen máis asociacións polo éxito acadado no anterior ano, esa é a razón e é coñecido que tivo éxito, que funcionou moi ben e agora veñen máis asociacións a querer participar polo éxito do programa non é que non houbera publicidade, saíu moi ben e esa foi a razón e nada máis; en canto ó outro tema cre que quedou absolutamente claro e non vai a entrar nun diálogo de xordos que si colaboran ou non colaboran, xa explicou o que fixo e, en todo caso, iso é o que fixo e as molestias que se tomou, que cre que foron moitísimas, para sacar este tema adiante o ano pasado e que se houbese esas posibilidades sacarían o tema adiante, pero por desgracia non teñen eses terreos nestes momentos.

O Sr. Alcalde aclara que se o Partido Popular asume as emendas do grupo municipal Socialista quedaría reducido a un único punto que sería que o goberno municipal comprométese, dentro das posibilidades do Concello, a seguir buscando o lugar idóneo para que se poda desenvolver o programa de conducción segura dirixido ós xóvenes nas próximas edicións, dada a importancia do mesmo para que os participantes podan recibir novos coñecementos e adquirir conductas que garantan o desen-

volveremento dunha condución segura.

Rematado o debate se somete a votación a moción coa modificación proposta e aceptada e o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de catorce Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e co voto en contra de dez Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego), acorda comprometerse, dentro das dispoñibilidades do Concello, a buscar o lugar idóneo no que se poida desenvolver-lo Programa de Condución Segura dirixido ós xoves en próximas edicións, dada a súa importancia para que os participantes poidan recibir novos coñecementos e adquirir conductas que garantan o desenvolvemento dunha condución segura.

7.- PATRIMONIO: RATIFICACIÓN DA ESCRITURA PÚBLICA DE CESIÓN DE 28.965 M² (POBOADO DE CELULOSAS) EFECTUADA POLO GRUPO EMPRESARIAL ENCE, S.A., CON RECTIFICACIÓN DA SUPERFICIE ESPECIFICADA NO CONVENIO PREVIO.

Examinado o expediente tramitado para a aceptación dos terreos cedidos por ENCE, S.A. a favor do Concello de Pontevedra, resultan relevantes para a resolución do mesmo os seguintes

FEITOS:

1º.- O Pleno da Corporación o 27 de maio de 1999 prestou aprobación ó convenio coa Empresa Nacional de Celulosas, S.A. polo que esta se compromete a ceder ó Concello de Pontevedra o terreo da súa propiedade, de 28.965 m²., resultante da segregación de varias fincas de outra de 37.936 m²., efectuada mediante escritura outorgada ante o Notario D. Eduardo Méndez Apenela en data 13 de febreiro de 1981, núm. de protocolo 423, se ben xa se sinalaba que a superficie do terreo é de 29.017,34 m²., e que linda: Norte, Herdeiros de Javier Sánchez Cantón e outros; Sur, parcelas segregadas propiedade de ENCE, S.A.; Leste, M^a. Jesús Señoráns Calvar e outros; e Oeste, estrada Pontevedra-Cangas e terreo patrimonial do Estado.

2º.- Cumprimentados tódolos condicionamentos impostos polo convenio para poder formaliza-la cesión en escritura pública, o día 2 de outubro de 2000 asinouse ante o Notario do Ilustre Colexio da Coruña D. Luis Darrieux de Ben, co número de protocolo 536, a escritura pública pola que o grupo empresarial ENCE, S.A. cede gratuitamente ó Concello de Pontevedra, que acepta e adquire a seguinte leira:

"Parcela situada en el Poblado de la Empresa Nacional de Celulosas, S.A., sita en la parroquia de Lourizán, municipio de Pontevedra, tiene una superficie de veintiocho mil novecientos metros con sesenta decímetros cuadrados (28.900,60) de los cuales tres mil metros cuadrados (3.000) están destinados a viales y aparcamientos y veinticuatro metros cuadrados (24) ocupados por un depósito de agua. Linda: Norte, herederos de Javier Suances Cantón y otros; Sur, parcelas segregadas propiedad de Ignacio Sánchez Sánchez y de la Empresa Nacional de

Celulosas, S.A., hoy grupo empresarial ENCE, S.A.; Este, M^a. Jesús Señoráns Calvar y otros; y Oeste, carretera de Pontevedra a Cangas y terreno patrimonial del Estado.

Valor: 211.928.811.- ptas. (1.269.727,93 euros).

Inscripción: inscrita en el Registro de la Propiedad n^o. 1 de Pontevedra, al tomo 713, libro 298, folio 199, finca n^o. 28.256.

Cargas: según resulta del título que se invocará, se encuentra gravada:

A) Con anotación de deslinde a favor del Estado, Dirección General de Costas de Pontevedra, sobre una superficie de 57 m², por quedar incluida dentro del dominio público de fecha 5 de febrero de 1996.

B) Y con anotación de deslinde a favor del Estado, Dirección General de Costas de Pontevedra, sobre una superficie de 57 m², por quedar incluidas dentro del dominio público, de fecha 22 de abril de 1997.

Libre de cualquier otra carga o gravamen".

3^o.- Á vista do exposto, a superficie que ENCE, S.A. se comprometeu a ceder en virtude do convenio aprobado polo Pleno da Corporación o 27 de maio de 1999, de 28.965 m²., se ben na escritura de cesión a parcela cedida ten unha superficie de 28.900,60 m². Esta diferenza de cantidade trae causa da segregación efectuada da leira matriz e venda a D. Ignacio Sánchez Sánchez, autorizada pola Notaria D^a. M^a. Mercedes Bermejo Pumar o 13 de xullo de 1999 co núm. de protocolo 961, na que consta que a superficie restante é de 28.900,60 m², por calcular erroneamente a resta da superficie vendida.

4^o.- Na certificación rexistral da leira aportada por ENCE, S.A., có obxecto de formaliza-la escritura notarial de cesión, inscrita ó folio 199, libro 298 de Pontevedra, tomo 713 do arquivo, leira n^o. 28.256, consta que a superficie desta leira quedou reducida á extensión de 28.900,60 m²., despois das segregacións que por nota consta á marxe da inscrición 1^a.

5^o.- Que é competencia do Pleno da Corporación a adopción do presente acordo, tendo en conta que foi o Pleno da Corporación o que aprobou o convenio para a cesión e aceptación da parcela cedida polo grupo empresarial ENCE, S.A., de conformidade có disposto na Lei 7/85 de bases de réxime local e Lei 5/97 de administración local de Galicia.

Aberto o debate intervén, en representación do grupo municipal do Partido Popular, o Sr. Pedrosa Fernández indicando que su grupo va a votar a favor y que se alegran de que, catorce o quince meses después de firmado el convenio, se materialice en esa escritura pública y si piden al Alcalde, porque están seguros que así lo va a hacer, que cuanto antes comienzan las obras de adecentamiento de toda aquella zona.

Contesta o Sr. Alcalde que o Sr. Pedrosa coñece perfectamente que por parte do grupo de goberno se ten actuado con celeridade neste tema e que se adxudicaron xa as obras de mellora da urbanización, beirarrúas, iluminación pública e servi-

cios ó poboado de ENCE tal e como se recollía nas condicións do convenio asinado no seu momento, polo tanto é un tema que está perfectamente definido.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Ratifica-la aceptación efectuada pola Alcaldía da cesión dunha superficie de 28.900,60 m2 polo grupo empresarial ENCE, S.A., mediante escritura pública outorgada ante o Notario Luis Darrieux de Ben, co número de protocolo 536, de data 2 de outubro de 2000.

SEGUNDO.- Renunciar a calquera dereito sobre os 64,4 m2 que existen da diferenza entre a superficie cedida en virtude do convenio suscrito co grupo empresarial ENCE, S.A. e aprobado polo Pleno da Corporación o 27 de maio de 2000, e a superficie realmente cedida mediante escritura pública, de data 2 de outubro de 2000, número de protocolo 536, outorgada ante o Notario Luis Darrieux de Ben, diferenza de superficie que trae causa da segregación efectuada da leira matriz, autorizada pola que foi Notaria desta Cidade, D^a. M^a. Mercedes Bermejo Pumar o 13 de xullo de 1999, co número de protocolo 961.

8.- COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E COOPERACIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E URBANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL AVENIDA A MONTECELO, A EXECUTAR POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Examinado o expediente tramitado para a execución das obras da estrada provincial E.P. N-541 - Montecelo - C-531, son relevantes para a resolución do mesmo os seguintes

FEITOS:

1º.- A Deputación Provincial remitiu a este Concello o proxecto técnico das obras de "CARRETERA PROVINCIAL E.P. N-541 - MONTECELO - C-531", redactado polo enxeñeiro D. Alfredo Montero Vaz, cun orzamento de contrata de 163.516.903 pta, no que se inclúen a instalación dos servizos municipais de rede de sumidoiro e alumeadado público así como a construción de beirarrúas. O proxecto técnico esta composto de memoria, planos, prego de condicións, orzamento e estudo de seguridade e saúde.

2º.- O Enxeñeiro municipal emitiu informe favorable sobre o proxecto técnico xa que estima que define as obras a executar e que estas son as necesarias para dotar o vial dos servizos adecuados.

3º.- O Tenente de Alcalde delegado da área de xeración e xestión de recursos en data 19 de outubro de 2000 efectuou proposta no sentido de "1º) Prestar aprobación ó proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro D. Alfredo Montero Vaz, para o acondicionamento e urbanización da carretera provincial E.P. N-541 - Montecelo - C-531, cun orzamento de contrata de 163.516.603 pta, a contratar e executar pola Excm. Deputación Provincial.= 2º) Cooperar na financiación das obras proxecta-

das en contía equivalente ó 50% do orzamento de contrata, non asumindo este Concello ningún incremento que poida resultar como consecuencia da modificación ou reforma do proxecto producidos na execución das obras.= 3º) Suplementar o crédito previsto no capítulo 7º do orzamento municipal na contía necesaria para atender o importe da aportación municipal comprometida.= 4º) As obras referidas a instalación de servizos municipais deberán ser inspeccionadas por un técnico municipal designado a tal efecto o cal deberá conformar as certificacións de obra correspondentes expedidas a favor da contrata antes da súa aprobación e intervir na acta de recepción das obras para garantir a correcta execución dos servizos municipais previstos no proxecto".

4º.- Polo Servicio de Contratación emitíuse informe no que se sinala que no proxecto non figura a acta de replaneamento das obras na que conste que terreos necesarios para a execución das obras están a disposición do órgano de contratación, polo que, e non facendo mención expresa a memoria do proxecto a estes extremos, enténdese que non é necesario expropiá-los terreos lindantes coa actual vía para o seu ensanche, non debendo asumir o Concello o custo das expropiacións, de ser necesarias, nin calquera gasto derivado da posta a disposición dos terreos a favor da Deputación, nin da obtención das autorizacións, que puideran ser necesarias, de outras Administracións.

5º.- A Intervención xeral emitíu informe no que se significa que "... procedeuse á comprobación aritmética do presuposto do proxecto, non sendo.= Que segundo a proposta que o Tte. de Alcalde delegado da área de xeración e xestión de recursos... esta Intervención quere poñer de manifesto varias cuestións... que a participación financeira do Concello e sobre o presuposto global contractual.= Que tendo en conta que a participación do Concello e da Deputación son porcentuais, deberá facerse constar que a posible baixa de adxudicación se aplicará entre ámbalas dúas Administracións na proporción na que financian as obras.= Que o orzamento vixente prevé unha dotación económica de 50.000.000 de pta como aportación municipal para a execución destas obras, insuficiente para a financiación do proxecto reformado.= Por tanto este crédito deberá suplementarse na cantidade de 31.758.452 pta, para atender-lo importe da aportación municipal, 81.758.452 pta... Esta Intervención estima, baseándose na práctica de anteriores convenios, que o máis conveniente ós intereses municipais é establecer unha codirección plena entre os técnicos do Concello e da Deputación a tódolos efectos, coherente por outra parte coa financiación ó 50% por cada unha das Administracións.= No mesmo sentido, nas certificacións de obra que se expidan deberá practicarse a liquidación de honorarios de dirección e fixá-las respectivas cantidades que correspondan reter ó Concello e á Deputación..."

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- No artigo 111 do Texto refundido das disposicións le-

gais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, se determina que as Entidades Locais poderán concertar os pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que no sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou os principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, en favor das mencionadas Entidades, o que se reitera no art. 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

II.- O Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, no seu artigo 55 establece como principios que han de presidir as relacións interadministrativas a efectividade da coordinación e a eficacia administrativa, ponderando a totalidade dos intereses públicos implicados, prestando no ámbito propio a cooperación e a asistencia activa que as outras Administracións puideran precisar para o cumprimento eficaz das súas tarefas, dispoñendo o artigo 57 a cooperación económica, técnica e administrativa entre Administracións en servicios locais e asunto de interese común, cooperación voluntaria que se desenvolverá baixo as formas e nos termos previstos na lei, podendo ter lugar mediante convenios administrativos.

III.- De conformidade co disposto no Real decreto legislativo 781/86 e na Lei 5/97 de Administración Local de Galicia é competencia das Corporacións Locais o abastecemento de auga, o alumado público, a rede de sumidoiros e a pavimentación de vías urbanas.

IV.- O proxecto redactado polo enxeñeiro Alfredo Montero Vaz para a urbanización e acondicionamento da estrada provincial E.P. N-541 - Montecelo - C-531, prevé a instalación dos servicios municipais necesarios, ascendendo o importe da execución material a 58.299.242 pta (IVE, beneficio industrial e gastos xerais non incluídos), obras que serán contratadas e executadas pola Deputación Provincial.

V.- O proxecto técnico presentado contén toda a documentación técnica esixida para os proxectos de obra polo Real decreto legislativo 2/2000, agás o relativo ó cumprimento da normativa en materia de supresión de barreiras arquitectónicas, se ben se significa que no mesmo non consta a acta de replaneamento das obras na que conste que tódolos terreos necesarios para a execución das obras están a disposición do órgano de contratación, polo que, e non facendo mención expresa a memoria do proxecto a estes extremos, enténdese que non é necesario expropiar os terreos lindantes coa actual vía para o seu ensanche, non debendo asumir o Concello o custo das expropiacións, de ser necesarias, nin calquera gasto derivado da posta a disposición dos terreos a favor da Deputación, nin da obtención das autorizacións, que puideran ser necesarias, de outras Administracións.

VI.- A competencia para a adopción do presente acordo co-

rresponde ó Pleno da Corporación, de conformidade co establecido no artigo 22-2-f da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, artigo 64 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia e Bases de execución do orzamento.

Aberto o debate o Sr. Alcalde fai uso da palabra indicando que se trata do resultado de conversas mantidas entre a Alcaldía e a Presidencia da Deputación durante o ano 1999, que o acordo era acomete-las necesarias obras de urbanización ós accesos do hospital Montecelo, estrada dependente da Deputación Provincial, e que o acordo era participar nun financiamento ó 50 % da execución desas obras, logo de certas vicisitudes na elaboración do proxecto que correspondeu á Deputación Provincial e que houbo que modificar na medida de que non recollía sumidoiros nunha marxe da estrada e mellora da iluminación pública, se presentou por parte da Deputación Provincial, durante este mes pasado, o proxecto definitivo que foi aprobado pola Comisión de Goberno e que ten informes favorables de tódolos técnicos e da propia Comisión Informativa de Urbanismo e se alegran que, coa aprobación plenaria deste punto, se poida por parte da Deputación Provincial adxudicar esta importante obra para a mellora dos accesos ó hospital Montecelo, é un exemplo de colaboración entre distintas administracións que agarda se poida seguir mantendo no futuro tanto polo Concello como pola Deputación Provincial.

Seguidamente intervén don Juan Luis Pedrosa Fernández, como portavoz del grupo municipal del Partido Popular, manifestando que su grupo votó a favor en Comisión y va a seguir manteniendo el sentido del voto en el pleno. En la Comisión Informativa se detectó que había distintos pareceres entre los que estaba la propuesta de Secretaría y lo que era el informe de Intervención y el Sr. Interventor pidió que se recogiesen varias de las cuestiones que aparecían en su informe, lo dijo en aquel momento y lo repite aquí que entre Administraciones debería existir más confianza y parece que no la hay entre este Ayuntamiento y la Diputación y se le ponen una serie de condicionantes a esta aprobación que cree que nunca habían llevado anteriores convenios firmados con la Diputación, condicionantes que ojalá no sean un impedimento, simplemente no es quien para decir lo que va a hacer la Diputación y tratará de quitar hierro a la cosa como Diputado que es, pero lo de la coordinación técnica y lo de la firma de las certificaciones que tengan que ser los técnicos, insistía mucho el Sr. Interventor en lo que son la parte que correspondería a los técnicos como sueldo que también se divida entre dos, porque son dos técnicos, es decir cree que se trata de cuestiones que a lo mejor dificultan el que en la Diputación se acepten los condicionantes que lleva este acuerdo que hoy se adopta aquí en el pleno, incluso lo de la disposición de los terrenos le parece que hay un acuerdo de palabra pero podría ser que luego no se facilitaran autorizaciones desde el Ayuntamiento, cree que hay alguna que no es que la facilite es que la tiene que

dar automáticamente como pueden ser las licencias municipales, por lo tanto quiere decirle, Sr. Alcalde, que a lo mejor hay que tener más cuidado en estas cuestiones y hay que hablarlas antes de tomar estos acuerdos, ojalá que no pase nada pero ya lo avisó en la Comisión Informativa y lo repite en este Pleno.

O Sr. Alcalde agradece ó Sr. Pedrosa a oferta de colaboración que fai a este goberno municipal e indica que en todo caso esas especificacións recollidas son propostas dos técnicos municipais que teñen experiencia ó longo dos anos en relación ás obras en colaboración con outras administracións, polo tanto se supón que hai motivos para incluílas, como non pode ser de outra maneira, e volve a insistir que esta obra é moi importante e que o Concello fai un esforzo importante que vai a ser ademais tratado no punto seguinte da orde do día, na medida en que a previsión inicial era de 100 millóns de pesetas feita pola Deputación e aumenta ata os 163 e que agarda que unha vez aprobado aquí se poida executa-lo máis rápido posible.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó proxecto técnico redactado polo enxeñeiro don Alfredo Montero Vaz, para o "acondicionamento e urbanización da carretera provincial E.P. N-541 - Montecelo - C-531" cun orzamento de 163.516.603 pta a contratar e executar pola Excma. Deputación Provincial.

SEGUNDO.- Cooperar no financiamento das obras proxectadas en contía equivalente ó 50% do orzamento de contrata, non asumindo este Concello ningún incremento que como consecuencia da modificación ou reforma do proxecto producidos na execución das obras, cando se exceda do orzamento de licitación.

TERCEIRO.- Suplementar o crédito previsto no capítulo 7º do orzamento municipal na contía necesaria para atender o importe da contribución municipal comprometida.

CUARTO.- As obras referidas a instalación de servicios municipais deberán ser inspeccionadas por un técnico municipal designado a tal efecto o cal deberá conformar as certificacións de obra correspondentes expedidas a favor da contrata antes da súa aprobación e intervir na acta de recepción das obras para garantir a correcta execución dos servicios municipais previstos no proxecto, polo que existirá unha coodirección técnica.

QUINTO.- No suposto de que se produza unha baixa na adxudicación das obras esta se aplicará entre ámbalas dúas Administracións na proporción na que financian as obras.

SEXTO.- O Concello de Pontevedra non asume ningún gasto que se poida derivar da posta a disposición dos terreos, no suposto de que sexa necesario, a favor do órgano de contratación nin da obtención das autorizacións que puideran ser necesarias.

9.- ORZAMENTOS MUNICIPAIS: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE N°

12/2000 (3 CEXT-SUP) DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NO ORZAMENTO XERAL ÚNICO DO CONCELLO.

Examinado o expediente número 12/2000 (3 CEXT-SUP) de modificación de créditos dentro do Orzamento Xeral do Concello de Pontevedra para o ano 2000 por concesión de créditos extraordinario e suplemento de crédito, resultan acreditados os seguintes

FEITOS:

Que no expediente que se tramita consta a Memoria-proposta do Sr. Tte. de Alcalde Delegado da Área de xeración e xestión de recursos relativa a necesidade e urxencia de proceder a tramitación e aprobación do expediente de modificación de créditos dentro do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2000, mediante crédito extraordinario e suplemento de crédito por importe total de oitenta millóns oitocentas catro mil setecentas vinte pesetas (80.804.720).

Que consta no expediente o informe de Intervención emitido en sentido favorable a proposta de modificación de créditos.

Tendo en conta que de conformidade co sinalado no artigo 158 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais e artigo 35 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, corresponde ó Pleno da Corporación a competencia para a aprobación do expediente de modificación de créditos dentro do Orzamento xeral do Concello de Pontevedra.

Aberto o debate intervén, en representación do grupo municipal do BNG o Sr. González Carballo dicindo que esta modificación de crédito é para dota-lo Convenio coa Deputación e un transvase de infraestructuras parroquiais e deportivas e uns axustes fundamentalmente en materia de persoal.

En representación do grupo municipal do PS de G-PSOE fai uso da palabra don Guillermo Antonio Meijón Couselo, manifestando que o problema seguramente non é como lle dicía o Sr. González Carballo das 9 pesetas que teñen aquí para retribuí-la asistente social e que lle daba 10 pesetas non conseguía as 9 pero igual era peor porque tiñan que busca-la que falta ou a que sobra, de todas formas o seu grupo espera que nos próximos orzamentos se poidan aquilatar máis os gastos de persoal e non se teña que estar con cambios tan grandes de partidas como por exemplo os 11 millóns de pesetas en gratificacións de bombeiros e policía municipal, porque pensan que este tipo de partidas deben aquilatarse máis e non aproveitarse sobrantes porque existen prazas vacantes no Concello e esas partidas que non consumen gastos se aproveiten para aí; por outro lado estráñalle que non comente tamén unha das causas deste expediente, en concreto é que a Deputación Provincial rebaixa a cantidade asignada a Pontevedra no PAM iso provoca un cambio de 20 millóns de pesetas que hai que achegar a maiores cando podían estar dedicados a outras partidas proveitosas para os cidadáns de Pontevedra, e xa que fala do PAM non ten máis remedio que dicir, aínda que rozando no poste, que lle sorprenden as declaracións que hoxe puido ler no periódico con respecto ó tema

da rúa Santa Ana na parroquia de Estrivela, onde os veciños de Lourizán teñen unha entrevista co Sr. Alcalde e co Sr. Bará e parece que por algún lado se lle dificulta o que vai a ocorrer con esa partida, parece como se esa partida se puidera extrapolar a outros anos e non cando toca que é precisamente nos orzamentos de 2000, polo tanto lle rogaría ó Sr. Raimundo e ó Sr. Alcalde que comentaran ou aseguraran que estas partidas van levarse a cabo no ano correspondente, a que esta incluída nos orzamentos, é dicir, que se vai levar a cabo no ano 2000; polo demais salvado o tema e aclarado o tema de Santa Ana o grupo municipal Socialista votaría a prol deste expediente tendo en conta que se repite a petición de que se aquilaten máis as partidas para que estes expedientes sexan o máis reducidos posibles.

A continuación intervén don Juan Enrique Magdalena Chan, en representación do grupo municipal do Partido Popular, sinalando que su grupo político, siendo consecuente con la votación en su día de los presupuestos del Ayuntamiento, va a votar en contra y va a hacerlo no por capricho simplemente sino porque se le está perjudicando a todo el rural pontevedrés en 58 millones de pesetas; cree que hay otras partidas de donde su puede sacar este dinero para hacer estas inversiones y también decirles que no están en contra de la aportación a los accesos a Montecelo, que es el punto anterior, únicamente quieren decir que hay otros sitios para sacar estas partidas y no precisamente del convenio del rural y de las infraestructuras parroquiales; en segundo lugar hubo una falta de previsión, como en su día han apuntado aquí, en la confección de los presupuestos, es lamentable que aprobados a principios del verano ya venga la tercera rectificación, el tercer acoplamiento o como le quieran llamar, para hablar en un idioma claro, por ejemplo no se entiende como el fondo social de los funcionarios laborales no se ha previsto y ahora adoptan 4 millones y medio de pesetas; por otra parte si al principio de verano se aprobó esto ¿qué pasaba con las horas extraordinarias de la policía municipal y de los bomberos?, el Partido Popular no está en contra pero ¿por qué no se han dotado partidas en este sentido?. Hace un momento en un punto anterior el Sr. Fontán aludía a las carencias de los bomberos, si no se cubren las plazas aquí están las horas extraordinarias, van 7 millones y cree que no van a llegar Sr. Fontán, por lo tanto utilicen los servicios que tienen en este municipio, nada que decir de las horas extraordinarias siempre y cuando se controlen y sean excepcionales pero van a investigar una cuestión que parece ser que los altos técnicos de este Ayuntamiento también cobran horas extraordinarias, o por lo menos alguno, entonces no sabe si tendrán que cobrar horas extraordinarias el Alcalde, los Tenientes de Alcalde, todas las personas con dedicación exclusiva y todos los técnicos, no sabe si la persona esta que ha cobrado estas horas que nivel tiene se imagina que tiene un nivel bastante alto, hagan mesura con las ho-

ras extraordinarias.

Novamente intervén o Sr. González Carballo dicindo a súa intención era sintetizar pero é imposible porque se volven a confundi-los termos de moitas cousas, en principio aclarou que a Deputación Provincial diminuíu un 34.4% a contía do PAM correspondente ó Concello de Pontevedra, é dicir se o ano pasado eran 50 millóns de pesetas pois este ano foron 32.800.000 pesetas e as peticións que ían para o PAM eran a grada do campo de herba sintética, urbanización Santa Ana e nave para un taller de carpintería en Monte Porreiro, esa é a solicitude que se lle presentou. Evidentemente ó non concede-lo importe solicitado que era superior os 50 millóns se non que ó baixar substancialmente a contía hai que aquilatar, e se nas contas iniciais se contemplaba que ían ser asumidas pola Deputación forzosamente as hai que sacar dalgún lado e hai que facer uso das partidas que hai, entón ten razón o Sr. Meijón cando unha das cuestións ven en parte, non totalmente, por esa rebaixa da contía asignada; de tódalas maneiras tamén hai outra cuestión que estaba contabilizada, pódese dicir contablemente, a infraestructura parroquial e o capítulo campo de herba sintética o hai que traer á infraestructura deportiva por eso tamén intentaba sintetizar na medida en que é un transvase pero evidentemente por outro lado tamén é unha diminución substancial. O proxecto de Santa Ana se ten que asumir fundamentalmente con cartos do Concello e se está elaborando, e no momento que estea o proxecto elaborado, se adxudicará tal como viña determinado o proxecto, é dicir inicialmente de cara á subvención da Deputación se fixo unha memoria valorada pero nada máis, por tanto a súa dúbida e o seu temor pensa que queda suficientemente contestado. Ata agora non sabía que Mourente era casco urbano queda aí unha dúbida, cando Ferradás que foi concelleiro moitos anos, foi cedendo terreos para Pontevedra e o límite de Mourente con Pontevedra cada vez se levou máis arriba pero aínda a avenida de Montecelo segue quedando en Mourente, polo menos é unha información que ten, entón de aí que haxa un convenio no rural polo tanto mira que ben cadra convenio rural é unha infraestructura que non so vale para o centro sanitario se non que vale tamén para a parroquia e para comunicación dentro da parroquia, se está a falar de infraestructura; por outro lado un presuposto é un elemento dinámico, malo se un presuposto non o hai que alterar nunca porque ou ben só se gasta en gasto corrente e non xurde ningunha dúbida e por tanto non se investiría nada, entón evidentemente nas previsións que da a Deputación Provincial se contempla un orzamento de 100 millóns para a urbanización de Montecelo, logo pasou a 116 e logo faltaban cousas e pasa a 163, por tanto dalgún sitio hai que rabuñar e dubida que teña algunha responsabilidade este grupo de goberno en que incrementa esa partida; a outra partida como xa dixo é unha cuestión dun transvase e é un transvase de infraestructura parroquial e infraestructura deportiva na medida en que a partida que ven do PAM estaba con-

templada en infraestructura parroquial e despois hai outra serie de cuestións como poden ser que se as horas extraordinarias si ou as horas extraordinarias non, pois se xubiláron bombeiros hai outros que están de baixa permanente, etc, entón se incrementan as horas e é imposible de prever o índice de baixas que se van producir, entón loxicamente téñense que contemplar e por iso veñen eses 7 millóns a suplemento de crédito; e con relación o fondo social estaba previsto o que pasa é que aquí, nun momento determinado e co voto en contra do BNG, se acordou subvencionar nun 50% unha asistencia sanitaria paralela que polo que sexa por axustes, etc., porque hai un maior número, pois resulta que hai que suplementala pero se refire a ese fondo social non ó fondo social becas, ó fondo social de próteses ou o fondo social axuda vivendas, é dicir trátase dunha cuestión moi determinada que é a asistencia sanitaria; por outro lado tamén vinculado ó tema Policía aínda no Pleno anterior se aprobaron uns rabos que trouxo o anterior grupo de goberno, é dicir a asistencia a uns cursiños que autorizara o anterior Concelleiro da policía que custaba para cada policía entorno ás 90.000 pesetas na medida en que se lles pagaban as axudas de custo e iso houbo que cargalo na partida esa de horas extraordinarias, por tanto tamén se reduce a partida como consecuencia de rabos anteriores entón entendería que non entendera o das 9 pesetas que é o conflictivo pero o demais cre que está suficientemente claro e hai que ver porque se producen esas cousas, porque as cantidades non veñen así senón como consecuencia moitas veces de situacións provocadas en orzamentos anteriores.

De seguido intervén o Sr. Meijón Couselo manifestando que os orzamentos son bastantes demoníacos porque ve moitas partidas con rabos, de tódalas formas dicir que acepta as aclaracións que fai con respecto a rúa Santa Ana en tanto en canto entende que a contratación e licitación desas obras se realizará cando corresponde á partida, é dicir dentro do ano 2000, repite polo tanto o voto a prol deste expediente por parte do seu grupo político.

O Sr. Magdalena Chan fai uso da palabra para decirlle a don Raimundo que va a tener que empezar a medir las orejas porque no le ha citado aquí nada de las 9 pesetas, ni aquí ni en otro sitio, por lo tanto no sabe si ese chiste es para coger con grandilocuencia o algo por el estilo. Sabe montar muy bien las farsas don Raimundo y sacar de la chistera de vez en cuando cositas de 90.000 pesetas comparadas con 4 millones, $4 \times 9=36$, $7 \times 9=63$, le da igual lo que quiera, lo de las 9 pesetas, los chistes y le dice que es una falta de previsión y se lo reitera el olvidarse del complemento del fondo social y eso está ahí 4 millones y medio de pesetas; en cuanto a la otra explicación que dio de si Mourente es rural o no es rural, no le ha dicho nada si era rural o no, le dijo simplemente que del convenio del rural y de las infraestructuras parroquiales han salido esos 58 millones, no entró en detalles, eso es algo que

añade para salir del paso; sobre las infraestructuras deportivas y el tema de la Diputación cree que el Sr. Meijón aclaró perfectamente el punto, como dice cuando le conviene los presupuestos son algo para llevar un horizonte claro de lo que se va a gastar pero para nada obligan, cuando no está escrito, a que las ofertas de otras administraciones se cumplan a rajatabla, quiere esto decir que a veces cualquier administración promete 100 millones y luego da 70 u 80 cuando no está escrito y en este caso esto ha sido lo que ha ocurrido, por tal motivo, sin ánimo de tapar el fallo de la Diputación, decirle que del rural no es conveniente sacar 58 millones de pesetas cuando lo necesita tanto como la propia ciudad y le dice que como alternativa y como solución hay otras partidas de donde se pueden sacar estos 58 millones de pesetas.

A continuación o Sr. González Carballo contesta al Sr. Magdalena que consulte si noutras administracións como pode ser a Deputación se fan expedientes de modificación de crédito en case tódolos Plenos, só por unha cuestión de dinamismo; o outro cre que quedou suficientemente claro e polo tanto so aclarar unha cousa que parece que ten dúbida o tema para a asistencia sanitaria se van dando de alta mes a mes, entón é imposible prever os que van a estar dados de alta ó final de ano porque pode que non sexa ningún máis ou é posible que sexan 40 ou 50, como a veces incluso hai baixas, ou sexa que é imposible de determinar e por tanto é como consecuencia dun acordo asinado, pensa que non xa pola anterior Corporación senón incluso pola outra anterior o tema de duplica-la asistencia sanitaria.

O Sr. Magdalena Chan sinala que cree que son mil y pico pesetas cada funcionario y que no le dé disculpas de altas y bajas, da pena, parece que no conoce como funciona eso, son mil y pico pesetas de la ayuda mensual, es una vergüenza que diga esto aquí en un Pleno.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de quince Concelleiros (os 10 do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e co voto en contra de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e de conformidade co dictame da Comisión informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda prestar aprobación inicial ó expediente nº 12/2000 de modificación de créditos dentro do Orzamento Xeral do Concello de Pontevedra para o ano 2000, polo que se modifican créditos por importe total de 80.804.720 pesetas, correspondendo 150.000 a crédito extraordinario e 80.650.720 pesetas a suplemento de crédito, dispoñendo que o acordo de aprobación do expediente sexa sometido a información pública polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobada a modificación de créditos de non presentarse reclamacións durante o mencionado prazo.

Auséntase da sesión don Raimundo González Carballo.

10.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, REFERIDA Á REDACCIÓN DUNHA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS CANALIZACIÓNS SUBTERRÁNEAS.

Dáse conta de moción do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, referida á redacción dunha ordenanza municipal reguladora das canalizacións subterráneas, do teor literal seguinte:

Las numerosas obras de canalización subterránea que se vienen realizando en la vía pública, el levantamiento sistemático de calles para instalar las redes del gas y del cable, muchas de ellas sin el necesario control municipal, están causando una negativa incidencia en la ciudad y -provocando notables molestias a los ciudadanos por falta de diligencia, excesivo ruido, caso de tráfico, etc.

En la actualidad, después de que las cosas se hubiesen deteriorado llegando a una situación insostenible, el equipo de gobierno, cuando gran parte del daño ya está hecho y el relatório de incumplimientos es clamoroso: levantamiento de calles recién asfaltadas quedando en pésimo estado, retrasos en el cierre de zanjas, vallas y resto de material abandonado, instalación de tuberías sin permiso, demoras en la repavimentación, etc., ha paralizado las obras en el subsuelo.

Independientemente de que los servicios que se pretenden instalar en nuestra ciudad son muy importantes, no lo es menos el derecho que tienen los ciudadanos a que las obras se realicen con rapidez, se cause las menores de molestias posibles, queden bien terminadas y se garantice el mínimo problema de tráfico.

En consecuencia, ante este problema y pensando también en el futuro, el Ayuntamiento de Pontevedra debería regular esta situación de forma que las empresas que quieran instalar sus servicios a través del subsuelo de Pontevedra, tengan que ajustarse, antes de obtener el correspondiente permiso para realizar canalizaciones subterráneas, como ya ocurre en otras ciudades, a una normativa municipal que al menos contemple tres aspectos básicos: a) Obligación de comprometerse con una fecha de inicio y final de obra, b) Un horario de trabajo intensivo, c) Informe previo que asegure alternativas en caso de corte de circulación en las zonas afectadas.

Por todo ello el grupo municipal socialista en el Ayuntamiento de Pontevedra, de acuerdo con las competencias que establece la Ley 7/1985, de 2 de abril, propone la siguiente

MOCIÓN:

El Pleno de la Corporación acuerda que el Alcalde ordene de forma inmediata la redacción de una ordenanza municipal que regule las canalizaciones subterráneas en el Ayuntamiento de Pontevedra, al objeto de que pueda ser aprobada por el Pleno en el primer trimestre del año 2001.

Aberto o debate intervén, en representación do grupo muni-

cipal do PS de G-PSOE, don Roberto Jesús Taboada Rivadulla indicando que su grupo va a presentar una moción que cree que es suficientemente conocida y no se va a extender en ella, ya ha sido debatida suficientemente en la Comisión y que trata esquemáticamente de considerar necesario y urgente que el Ayuntamiento de Pontevedra adopte medidas para que se coordinen en lo posible y se puedan agilizar los trabajos en el subsuelo de la ciudad, no sólo para la coyuntura actual de lo que está ocurriendo en estos momentos sino también para posibles canalizaciones futuras que, como se prevén, pueden venir en abundancia por todas estas transformaciones que está sufriendo el tema de las telecomunicaciones, del cable, etc. y creen que es importante que se pueda evitar la proliferación de zanjas que están abriendo las operadoras, que ya se han tenido experiencias aquí de tener que paralizar las obras del cable y las del gas y que están causando molestias a los ciudadanos, entienden que toda obra, que es también necesaria, también causa molestias pero hay que intentar que todas estas molestias sean lo menor posible y que las empresas no trabajen a su antojo o que dejen las obras a medio hacer o que provoquen un caos de tráfico, es un tema que no es nuevo, que ya ha venido aquí, se ha hablado de este asunto por activa y por pasiva por otras cuestiones, específicamente por el cable en una iniciativa que ha traído también en su momento el Partido Popular, pero cree que en estos momentos lo que sería conveniente sería hacer una ordenanza que regule toda esta situación y por eso la causa y la justificación de esta moción, para que el Pleno de la Corporación acuerde que el Sr. Alcalde ordene de forma inmediata la redacción de una ordenanza municipal que regule las canalizaciones subterráneas en el Ayuntamiento de Pontevedra al objeto de que puedan ser aprobadas en el pleno en el primer trimestre del año 2001.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, acorda aproba-la anterior moción.

11.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, REFERIDA Á SINHALIZACIÓN TURÍSTICA DOS NÚCLEOS RURAIS DO MUNICIPIO.

Dáse conta de moción do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, referida á sinalización turística dos núcleos rurais do municipio, do teor literal seguinte:

El municipio de Pontevedra debe aprovechar todas sus grandes potencialidades y dar el salto que lo proyecte al exterior y al futuro en óptimas condiciones económicas y sociales. Y uno de los sectores más importantes que pueden contribuir a esa proyección y a la mejora de la imagen de nuestro municipio es el Turismo.

Durante este año, las iniciativas que se han realizado por parte del Ayuntamiento para potenciar el turismo en nuestro municipio han sido más bien tímidas, y todas ellas, en colaboración con otras instituciones y asociaciones, se han centrado fundamentalmente en la ciudad o el entorno urbano.

Sin embargo el municipio atiene además grandes potencialidades naturales, culturales e históricas para el fomento del turismo en nuestras parroquias que todavía no se conocen suficientemente ni han sido explotadas. Conocer mejor el entorno rural tan próximo al casco urbano y tan ajeno para muchos ciudadanos debe ser un objetivo importante a desarrollar por parte del Ayuntamiento de Pontevedra.

Una primera actuación a realizar podría ser que el entorno rural contase con un sistema de señalización turística a través de paneles que informaran de la historia de cada núcleo rural y permitiera a los visitantes conocer, en un rápido golpe visual, el lugar en que se encuentran o descubrir en alguno de estos puntos informativos una breve síntesis de los parajes y monumentos de la parroquia.

Que el visitante sepa rápidamente a donde dirigirse y pueda aprovechar su viaje, llegando hasta el lugar desde el que pueda divisar el mejor paisaje, el río, el núcleo de casas, la iglesia o el sitio de mayor valor histórico o natural.

Se trataría en definitiva de realizar un proyecto basado en la realización de una serie de señales o paneles informativos con claros objetivos promocionales (que guarden una estética acorde con el entorno rural en el que se van a ubicar), como son el desarrollo del turismo rural, la revalorización de ese rico patrimonio arquitectónico que contienen nuestros núcleos rurales y que muchas veces es desconocido y la potenciación de la toponimia tradicional.

Por todo ello el grupo municipal socialista propone la siguiente moción:

El Pleno insta al Alcalde de Pontevedra a que adopte las medidas necesarias para la realización de un proyecto de señalización turística de todos los núcleos rurales del municipio de Pontevedra y se contemple la correspondiente partida en los Presupuestos municipales de 2001.

Aberto o debate fai uso da palabra dona María Teresa Casal García, en representación do grupo municipal do PS de G-PSOE, sinalando que con esta moción o que queren en realidade e voltarlle unha ollada ó rural. Pontevedra é un Concello con grandes potencialidades turísticas que non se están a aproveitar, pero se por unha banda os recursos da cidade, dalgún xeito, están a ser máis coñecidos ou están tentando de ser máis coñecidos, a riqueza do patrimonio natural, cultural e histórico do rural é practicamente descoñecido. Pensan que descubrir esta riqueza e potenciala é precisamente o que pretenden con esta moción, de xeito que os visitantes e as mesmas xentes de Pontevedra poidan coñecer e admira-los lugares característicos de cada unha das parroquias. Propoñen un sistema de paneis integrados, na paisaxe, que informen da historia daquela igrexa románica, daquel recuncho do río, ou de aquela vista marabillosa que se pode ver dende o alto dun monte, por todo isto pensan que para facer todo iso é imprescindible realizar un estudio previo para poder levalo a cabo e esa é a razón de que

propoñan, con esta moción, que o Pleno inste ó Alcalde de Pontevedra a que adopte as medidas necesarias para a realización dun proxecto de sinalización turística de tódolos núcleos rurais do Concello de Pontevedra e se contemple a correspondente partida nos orzamentos municipais do 2001.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Política Social e Promoción do Benestar, acorda aproba-la anterior moción.

12.- SEGUIMIENTO E CONTROL DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAL:

A) TOMA DE COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA (ALCALDE E TENENTES DE ALCALDE DELEGADOS DE ÁREA) DURANTE O MES DE SETEMBRO DE 2000.

O Sr. Pedrosa Fernández indica que con respecto a la resolución de la Alcaldía número 5763 tiene dos cuestiones, una de ellas de orden porque se le mezcla a él como Alcalde con la empresa Lagares Ingeniería y no quiere tener nada que ver ni lo tuvo en ese momento y lo dice porque en esa resolución de la Alcaldía se dice que con fecha 30 de junio de 1999 se adjudicó definitivamente la asistencia técnica para la realización de un estudio y la elaboración de un informe sobre el sistema organizativo del área de medio ambiente y servicios relacionados a la empresa Lagares Ingeniería y en esa fecha era Alcalde el Sr. Pedrosa quien no firmó nada con el Sr. Lagares. En cuanto al resto la pregunta es que aparece firmada por el Teniente de Alcalde esta resolución de fecha 4 de septiembre de 2000 donde se acuerda el reconocimiento de la deuda y el pago de 498.750 pesetas, la pregunta consiste en si esta es la cuarta y última factura con esta empresa, si ya no existe relación contractual de este Concello con esa empresa y si está finalizado ese estudio y ese informe sobre el sistema organizativo del área de medio ambiente y en el caso de que así estuviese pedirían que se les facilitase una copia.

Contesta o Sr. Mosquera Lorenzo indicándolle ó Sr. Pedrosa que esta reiterando unha pregunta que está contestada no anterior pleno e que acabado o ano que era o período de vixencia e acabada a consignación pois non hai ningunha relación nestes momento e xa no anterior pleno o dixo; con respecto ó 30 de xuño é un erro de quen o transcribiu porque foi o 30 de xullo e as memorias e demais están no servicio de Contratación e en todo caso se lle interesa non sabe exactamente se o volume dá para facer unha copia ou non, se dá está no servicio de Contratación á súa disposición e se queren se leva a Comisión de Medio Ambiente.

Rematado o debate o Pleno da Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Alcaldía (Alcalde e Tenentes de Alcalde delegados de área) durante o mes de setembro de 2000.

B) MOCIÓNS URGENTES.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Á COLABORACIÓN COA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE E A

CONSELLERÍA DE FAMILIA, PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE NO DESENVOLVEMENTO DOS DIFERENTES PROGRAMAS QUE EN MATERIA XUVENIL ESTÁN A DESENVOLVER

Previa declaración de urxencia en forma regulamentaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda a inclusión na orde do día para debate e votación da moción urxente presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa á colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e a Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude no desenvolvemento dos diferentes programas que en materia xuvenil están a desenvolver, do teor literal seguinte:

O Concello de Pontevedra consciente da importancia que a formación en materia de educación vial ten no ámbito da mocidade, está a adicar esforzos, recursos e colaborando con outras administracións de cara a acadar un elevado índice de seguridade vial no noso municipio.

Nesta liña de traballo establecéronse durante este ano os contactos necesarios para o desenvolvemento do programa "Conducción segura para a xuventude", que a Dirección Xeral de Xuventude desenvolve en diversas vilas e cidades de Galicia.

A pesares da imposibilidade de contar cun lugar apropiado que cubrise as necesidades requiridas pola Dirección Xeral de Xuventude para o desenvolvemento deste programa en terreos municipais, a Concellería de Xuventude dispuxo as medidas necesarias para a realización da maior parte das actividades que contén este programa no Recinto Feiral e aparcadoiros anexos.

Como consecuencia de non idoneidade deste espazo para a celebración de actividades con automóviles en marcha, producíronse varios desperfectos polo que este lugar quedou automaticamente descartado para a celebración de próximas edicións do programa, sen que exista ata o momento un lugar que cumpra as condicións mínimas requiridas para o desenvolvemento da actividade.

O Concello de Pontevedra con posterioridade á celebración da pasada edición do Programa Conducción Segura continuou colaborando coa Dirección Xeral de Xuventude e nomeadamente coa delegación provincial da Consellería de Familia, Promoción de emprego, Muller e Xuventude no desenvolvemento e diversas actividades como realización do Campamento de verán na Illa de Ons, de Xornadas de Información Xuvenil, etc.

MOCIÓN:

1. O Concello de Pontevedra manifesta a súa total dispoñibilidade a continuar traballando en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude nos programas e actividades relacionadas coa educación e formación vial polos incuestionables beneficios que para o noso municipio reporta o ter un elevado índice de seguridade vial.

2. O goberno municipal comprométese a seguir na liña actual de colaboración coa Consellería de Familia, Promoción do emprego, Muller e Xuventude co obxectivo de acadar o máis elevado e desexable nivel de coordinación interinstitucional, no

desenvolvemento dos diferentes programas que en materia xuvenil ámbalas institucións están a desenvolver.

Aberto o debate intervén, en representación do grupo municipal do BNG, o Sr. Fontán Bouzas sinalando que, como xa dixo no debate que houbo con anterioridade, que compartían algunhas das cuestións que se presentaron ó respecto, pois a vontade positiva de sacar adiante e a colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, pois presentan esta moción cunha redacción entenden que máis apropiada e que é realizable.

En representación do grupo municipal do PS de G-PSOE, intervén don Roberto Jesús Taboada Rivadulla dicindo que tivo un pequeno sobresalto cando empezou a intervención o Sr. Fontán porque pensou que ía sacar esa proposta de que "as vacas voaran" menos mal que despois fixo outra iniciativa. Aquí como diría algún presentador do programa "conducción segura II", isto é unha iniciativa que entende, polo que acaba de expoñelo Sr. Fontán, que en realidade non contradí á anterior, a enriquece e en todo caso a complementa, é dicir que en todo caso vai enriquecer e vai florecer neste xardín no que se mete coa conducción segura II e polo tanto o grupo municipal socialista non ten nada en contra sobre a proposta porque entende que é moi similar á anterior e que en todo caso manifesta a vontade de que se leve a cabo o programa de conducción segura que é o que na anterior tamén se propoñía, polo tanto o seu grupo non está en contra desta moción e non lle parece mal apoiala porque di o mesmo.

A continuación intervén, como portavoz do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Luis Pedrosa Fernández manifestando que realmente le parece una auténtica tomadura de pelo lo que se acaba de hacer en este pleno, es la primera vez que lo ve en su corta vida municipal que es de más de cinco años y le da la sensación de que es que se están riendo de todos, pero así de sencillo, es decir le parece la pataleta del niño pequeño que encima la trae preparada, por si no les vota la moción el PSOE en contra, por si no les sale bien, y si resulta que apoyan al Partido Popular en la moción que no es la que quería trae otra preparada para sacarla y que salga otra vez la suya y simplemente porque le parece una auténtica tomadura de pelo el Partido Popular la vota en contra.

Contesta o Sr. Fontán Bouzas que xa dixo dende o punto de vista do grupo municipal do BNG hai unha notable diferencia nas vontades manifestadas, na forma que é unha cuestión que non pasan e que non aceptan na anterior moción e ademais nas posibilidades de realización. Na anterior moción presentábanse cuestións que son irrealizables, polo menos neste momento non existe ese espacio a no ser que se cre, polo tanto hai unha diferencia importante.

O Sr. Pedrosa Fernández indica ó Sr. Fontán que no le siga tomando por imbécil, no son irrealizables, que la moción que se aprobó antes es totalmente realizable y que no diga chorradas.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de catorce Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e co voto en contra de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular), acorda aproba-la anterior moción.

C) PREGUNTAS.

1) PREGUNTAS DE DONA MARÍA ELVIRA DOLORES DE OZÁMIZ LESTÓN SOBRE O USO DO EDIFICIO MUNICIPAL DA PRAZA DA VERDURA, SOBRE O USO DAS PISCINAS MUNICIPAIS PARA O ADESTRAMENTO DO EQUIPO DO WATERPOLO DO CLUB NATACIÓN PONTEVEDRA E SOBRE UN CAMPO DE ADESTRAMENTO PARA O CLUB DE RUGBY MAREANTES.

Para facer tres preguntas ó Concelleiro Sr. Fontán, a primeira é sobre unha noticia que saíu hoxe no periódico que di que outra das ideas que ten o goberno local é adecuar este ano a antiga sede da Policía Local na praza da Verdura para a realización de talleres de noites abertas, hai dous meses propuxeron facer aí nese mesmo local a casa da xuventude e non saben polo tanto porque se lles dixo que non entón porque a razón que se dicía era que aí ían poñerse outros servicios do Concello, querían que lles contestara que razón era esa o era que tiñan que poñerse de acordo co Partido Popular para estar en contra da moción o ¿cal é a razón verdadeira?, ¿por que agora si pode poñerse e entón non se podía poñer-la casa da xuventude?.

A segunda é por qué non se tivo en conta e non se lles notificou que o equipo de waterpolo do Club Natación Pontevedra tiña problemas para face-las competicións na piscina municipal de Campolongo e porque entón debido sobre todo a uns tubos de luz que quedan enriba, segundo din as noticias, enriba da piscina e por qué non se contemplou nada sobre iso cando se fixo a contratación coa nova empresa que leva a piscina.

A outra pregunta é sobre o equipo de rugby dos Mareantes se se lle vai a buscar un terreo axeitado para poder adestrar e face-las competicións xa que hai tempo que desaparecera e agora volve a estar en funcionamento.

Contesta o Sr. Fontán Bouzas que, con respecto á primeira pregunta, dicirlle que se está a traballar sobre esa posibilidade e que non ten nada que ver a realización dunha actividade concreta co que é unha casa da xuventude, cre que con iso queda suficientemente contestado, unha casa da xuventude é unha cousa totalmente diferente a un espacio onde se fai un taller, é unha cousa distinta se saben o que é unha casa da xuventude xestionada por unhas asociacións xuvenís con un regulamento interno, é dicir con un funcionamento autónomo que non ten nada que ver cun taller nun espacio concreto.

A Sr. Ozámiz Lestón indica que antes non se podía face-la casa da xuventude porque era destinada para outros servicios administrativos do Concello e agora pode usarse para outras cosas que non son servicios administrativos do Concello ¿por que razón?.

O Sr. Fontán Bouzas lle di que se está a traballar sobre un programa que ten unha duración concreta de dous meses, para ese período provisional, e estase traballando nunha posible situación que sería na primeira planta e non na planta inferior que sería a máis apropiada para eses servicios ós que se refire.

Respecto á segunda pregunta é unha cuestión que xa foi explicada o que pasa é que moitas veces os clubs ou neste caso este club ten insistencia no tema e dende logo é unha contrariedade que se resolverá e para iso xa teñen dado pasos para podelo solucionar e hoxe mesmo dentro de un dos puntos do pleno para que se poida contar agora xa cos terreos para esa piscina olímpica que todos desexan e entón se resolverá o problema de desenvolve-lo waterpolo en Pontevedra porque a piscina actual de Campolongo á parte de que está absolutamente masificada e se vai por alí o verá, tanto dentro do uso dos clubs como dos usuarios non cumpre as condicións mínimas pola altura que ten e polo tanto non se pode practicar alí o waterpolo e adestrar é moito máis complicado aínda. Se o que é un partido concreto é complicado porque hai choques con determinados espazos que están delimitados no prego clarisimamente para competición dos clubs de natación o que é o adestramento é moito máis conflictivo porque non se choca co resto dos clubs de natación senón que choca co resto dos usuarios porque hai unha serie de cláusulas que din que teñen que quedar libres unhas rúas para a práctica de baño libre, polo tanto é moito máis complicado e é un tema que se solucionará e se poderá desenvolver como se desexa ese deporte en Pontevedra cando se conte con unha instalación axeitada que este goberno quere que sexa canto antes e para iso está a tomar medidas como a que se acaba de tomar.

A Sr. Ozámiz Lestón lle pregunta ¿por que non se tivo en conta no prego?.

O Sr. Fontán Bouzas lle indica que o prego non ten culpa e que o que pasa é que é absolutamente inviable compatibilizar o uso público e o uso dos clubs agora mesmo co uso do waterpolo que é unha actividade que necesita de toda a piscina para o adestramento, é absolutamente inviable e ademais a piscina, volve a repetir, non cumpre as condicións, ten moi pouca altura, á parte de que se fan unha serie de competicións de natación bastante forzadas alí en ocasións porque tampouco cumpre esas condicións e entón tamén hai unha intención e por iso hai xente nesta cidade que esta disposta a poñer cartos para, a través desa fundación, sacar adiante esa piscina olímpica que se desexa porque son conscientes desa situación tamén ó igual que eles.

Respecto ó tema do rugby dicir que é unha noticia boa que despois duns anos que non houbera equipo de rugby en Pontevedra agora xa o hai e que nestes momentos se está a traballar para que nas próximas semanas podan contar cun campo de fútbol onde poidan xogar que posiblemente poida ser ou ben o de Monte

Porreiro que se está a traballar sobre iso aínda que hai que facer algún tipo de mellora ou algún dos da Xunqueira, aínda que aí hai máis dificultade pola ocupación que teñen pero que se está a traballar e a próxima semana se lles dará un lugar.

2) PREGUNTA DE DON JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ SOBRE A NON ASISTENCIA DUNHA REPRESENTACIÓN DESTE CONCELLO Á ASEMBLEA CONSTITUÍNTE DA ASOCIACIÓN GALEGA DE DEPORTE PARA TODOS.

A pregunta vai dirixida ó Sr. Concelleiro de Deportes. Hoxe ten lugar no Concello de Ferrol unha asemblea constituínte da Asociación Galega de Deporte para todos esta iniciativa que ten en principio gran importancia porque os concellos máis importantes de Galicia e Deputacións plasmaron nun escrito o seu apoio, entón aquí concretamente temos os concellos de Lugo, Ourense, Ferrol, A Coruña, Santiago, Deputación de Ourense, de A Coruña e de Pontevedra, nas persoas dos seus presidentes Manuel Abeledo López Presidente da Deputación, Alcalde de Santiago Sánchez Bugallo, Presidente da Deputación de Ourense José Luis Baltar, Deputación Provincial de A Coruña Torres Colomer, Concello de Coruña Francisco Vázquez, Delegación do Goberno Arsenio Fernández de Mesa, Concello de Ferrol Jaime Bello Costa, Concello de Ourense Manuel Cabezas, Concello de Lugo José Pérez Orozco e Concello de Vigo Sr. Lois Pérez Castriño. Entón a pregunta que quería facerlle é si o Concello de Pontevedra recibiu solicitude de apoio a esta iniciativa e a esta asemblea que ten lugar hoxe e si foi así ¿por que non apoia o non se plasma neste cartel o apoio á iniciativa?.

Contesta o Sr. Fontán Bouzas dicindo que teñen relación coa Asociación Galega de Deporte para todos pois tiveron varias conversacións con eles para realizar actividades aquí en Pontevedra, e que concretamente o que ten que dicir é que non lle chegou ese tema, se informará por qué foi e en todo caso por qué non lle chegou pero que tivo varias conversacións con eles na persoa concretamente de Eduardo Blanco que é unha das persoas que está na directiva, ex concelleiro de deportes no concello da Coruña, para a realización de diversas actividades no concello de Pontevedra en colaboración con eles.

3) PREGUNTA DE DONA SONIA REY BARROS SOBRE OS MACETEIROS DO CONTORNO DA PEREGRINA.

¿Qué va a pasar con los maceteros de la Peregrina? si van a seguir siendo utilizados como papelera porque hay escasez de papeleras en Pontevedra o en algún momento se van a decidir a ponerle unas plantas, unas flores de temporada que es lo adecuado para ellos, ¿cuánto tiempo más van a estar así?.

Contesta el Sr. Mosquera Lorenzo indicándole á Sra. Rey que a estas horas e a esa pregunta o único que se lle pode ocorrer é que se o autor da feliz idea, ou quen as permitiu en aquel momento as levara para a súa casa aforráballes a todos un problema absolutamente espléndido, parece que ninguén as vai querer levar para a casa, entón están aí, se lle puxeron flores e encher iso de flores cada vez pode andar polas 300.000 ou 400.000 pesetas si cadra para que marchen ó día se-

guinte, e non ten o corpo agora para contestarlle se lla quere facer noutro momento discutímola.

D) ROGOS.

1) ROGO DE DONA MARÍA TERESA CASAL GARCÍA SOBRE O REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO.

Prégalle o Sr. Alcalde que xa hai un ano que se aprobou neste Pleno a creación do rexistro de parellas de feito neste concello e que non se deu paso ningún ata agora e quería pedirlle que se deran os pasos necesarios para poñer en marcha o rexistro de parellas de feito e polo tanto que se fagan as normas de organización e funcionamento deste rexistro.

O Sr. Alcalde lle di que non vai a ser posible nesta próxima Comisión de Goberno pero que na seguinte se vai levar a aprobación do rexistro de parellas de feito porque dificultades de tipo técnico e administrativo imposibilitaron facelo antes dese día.

2) ROGO DE DON ROBERTO JESÚS TABOADA RIVADULLA SOBRE A CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL PARA A MODIFICACIÓN DO REGLAMENTO ORGÁNICO DA CORPORACIÓN.

Indica que en el último Pleno se ha aprobado una moción, por unanimidad, para crear una comisión especial para llevar a cabo el Reglamento Orgánico de la Corporación y era simplemente para que se ponga en marcha el proceso de constitución de esa comisión y se ponga a funcionar para crear el Reglamento Orgánico.

O Sr. Alcalde sinala que xa coñecía esa demanda persoal do Sr. Portavoz do Partido Socialista e que se tomarán as medidas pertinentes o máis axiña posible.

3) ROGO DE DON ENRIQUE DE LA PEÑA VIEITEZ SOBRE AS BANDEIRAS NOS EDIFICIOS PÚBLICOS.

Anuncia que su pregunta va de banderas y que la Constitución Española dice que en todos los edificios públicos, lugares públicos debe presidir en la parte principal la bandera española en mástil ya sea en solitario o acompañada por banderas como pueden ser autonómicas o de la provincia o municipio y se da un caso insólito en Pontevedra, cree que por un error involuntario, pues en el Palacio de la Cultura se encuentra presidiendo dicho edificio oficial la bandera gallega y se imagina que se trata de un error involuntario de alguien que presida la bandera de Galicia, en el lado derecho la bandera de España y en el lado izquierdo la bandera de Pontevedra, quisiera pedir a la persona que le corresponda corregir este error que cree que es involuntario y al mismo tiempo que se dé un repaso a todas las banderas que están en estos edificios tanto el que acaba de decir como el Teatro Principal que están en una situación lamentable de suciedad y algunas hechas jirones, y sería conveniente porque muchas veces las imágenes de las ciudades se ven por estas pequeñas cosas y también cree y pregunta si en este Pleno en este Teatro donde se están celebrando los plenos municipales no tendría que haber aquí también esas banderas.

O Sr. Alcalde contéstalle que toma cumprida nota das súas propostas para cumpri-la normativa vixente ó respecto.

4) ROGO DE DON JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ SOBRE A SITUACIÓN DOS ALUMNOS DA LICENCIATURA DE CIENCIAS DE EDUCACIÓN FÍSICA E DEPORTE.

Manifesta que o Partido Socialista tivo unha conversa co Rector da Universidade de Vigo e rogaría, si merece a consideración desta Corporación, que se transmitise ó Sr. Rector da Universidade de Vigo e a Sra. Decana de Ciencias da Educación a preocupación desta Corporación pola situación que están a padece-los alumnos da licenciatura de Ciencias de Educación Física e Deporte, e instar á Universidade de Vigo a que dote a esta Licenciatura do material necesario, profesorado e instalacións ós que teñen dereito os alumnos, porque teñen dereito a un ensino de calidade e porque esta cidade ten a obriga de esixilos e demandar un Campus digno, ó mellor non é unha cuestión que competa a esta Corporación, pero si instar porque está danada a imaxe da cidade, os alumnos a maioría son de fóra e transmiten a imaxe de que temos unha titulación que non funciona convenientemente, entón pediría que se transmita este rogo ó Sr. Rector e á Sra. Decana de Ciencias do Deporte porque están a facer un peloteo e desde o seu punto de vista está a prexudicar ós propios alumnos en primeiro lugar e á cidade en segundo lugar.

El Sr. Taboada Rivadulla entiende que es un ruego casi encubierto de una propuesta de la Corporación con lo cual requeriría un Pleno, podría estar de acuerdo con lo que plantea pero no le parece solo por una cuestión de orden, porque aludió al grupo Socialista.

O Sr. Alcalde sinala que como rogo se pode transmitir e este Alcalde se compromete a facelo como preocupación de toda a Corporación pero que en todo caso o correcto sería unha declaración institucional ou unha proposta digamos por escrito e non sabe se é conveniente facela por escrito e levala a un próximo Pleno ou se hai unha proposta que neste momento se pode aprobar pero lle parece que neste Pleno se pode transmitir o rogo que presenta e en todo caso se pode acordar unha declaración institucional ou levalo a Comisión Informativa.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo señor Alcalde remátase a sesión ás trece horas e cincuenta minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e praxe.
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO XERAL,